

# A FAME DE 1853 EN PONTEDEUME

Juan Carlos Vázquez Arias

## INTRODUCCIÓN

A xeito de continuación dun traballo anterior<sup>1</sup>, propoñémonos agora afondar no que nese estudo se vía como un importante acontecemento no noso concello, que produciu graves consecuencias demográficas: a crise de subsistencias de 1853 e a consecuente epidemia de cólera de 1854-55.

Non obstante, esta crise de mediados de século non era algo exclusivo de Pontedeume, senón que, pola contra, se enmarcaba nunha conxuntura de carácter xeral, que afectaba a toda Europa. Deixando o cólera para posteriores investigacións, centrarémonos na fame de 1853.

Antes, faremos un bosquejo das crises agrarias (que, como maldicións cíclicas, empobrecían cada certo número de anos a poboación de Galicia e de España) e analizaremos as razóns que as causaban.

Por último, veremos como se viviron en Pontedeume estas malas épocas, centrando a nosa atención na principal, a do ano 1853, motivo do título deste artigo.

## 1. AS CRISES DE SUBSISTENCIAS EN ESPAÑA NO SÉCULO XIX

O século XIX foi testemuña en España de sucesivas crises agrarias que eran provocadas por unha ou varias malas colleitas e que ocasionaban graves problemas á poboación, especialmente ás clases sociais máis desfavorecidas, é dicir, aos campesiños.

Á mala alimentación, que chegaba ás veces á fame, seguíalle unha epidemia (xeralmente o cólera, pero tamén o tifo, a febre amarela, tuberculose, etc.).

1. Ver VÁZQUEZ ARIAS, J.C., "Análise demográfica de Pontedeume a través do seu arquivo municipal -AMP- (1835-1870)", en: *Revista Cátedra*, nº13 (2006), p. 312-354.

Estas crises de subsistencias son típicas do Antigo Réxime, período que fencera había pouco tempo en España, ou mellor dito, custáballe desaparecer, manifestando o contraste do noso país nun contexto internacional de liberalismo e de industrialización como foi o de Europa occidental no século XIX.

As principais crises son as seguintes:

### 1.1 A depresión económica de 1820 a 1856<sup>2</sup>

Iniciada en 1817, é de dimensións continentais e afectará gravemente a Galicia, manifestando dúas características principais:

- Rapidísima e prolongada caída dos prezos dos cereais básicos e en xeral de todos os produtos, con niveis similares aos de 1750, manténdose até 1856; afectará especialmente, como é lóxico, ao campesiñado, a clase social de menor renda.
- O difícil equilibrio entre recursos e poboación québrase nestes momentos de crise de subsistencias. A fame fai estragos en 1843 e en 1847, a causa, sobre todo, do acaparamento do cereal por parte dos especuladores co fin de enviálo a Francia e a outros mercados europeos. Tras a fame vén o cortexo da peste. O cólera aparece por primeira vez en Galicia en 1833 e reaparece ao ano seguinte. A fame e a peste preséntanse unidas dende o ano 1852 até 1855, provocando unha mortaldade terríbel en moitas bisbarras galegas.

Precisamente para intentar aliviar a situación do campo, será nestes anos (dende 1853) que se permita, de novo, a emigración cara a América, o que posibilitará unha débil recuperación dende o final da década dos cincuenta até 1880.

### 1.2 As crises económicas de mediados de século<sup>3</sup>

Sánchez Albornoz estuda polo miúdo a evolución dos prezos europeos e españois dos cereais nesta época e chega ás seguintes conclusións:

1. De 1850 a 1853 apréciase unha suba considerábel, incrementada os dous anos seguintes a causa da Guerra de Crimea (1854-1856). Mentres nos demais países baixan no bienio 1857-58, na Península Ibérica prodúcese unha nova e considerábel elevación.
2. Aínda que a colleita de 1852 resultou en xeral boa en toda Europa, e os prezos achábanse baixos, no centro e norte de España sucédense temporais que producen rendementos menores. En 1853, pragas e trebóns afectaron aos cereais, aínda que non en toda España. Ademais, a falta de comunicacións impediu compensar a escaseza dunha rexión coa abundancia doutras. Así se explica que os campesiños fuxisen en desbandada de Galicia pola fame, cando os almacéns rebordaban de grans ese ano noutras partes<sup>4</sup>.

2. Ver BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., *Galicia. Ediciones Hércules*, S.A., t.V, 1991, p. 59-61.

3. Ver SÁNCHEZ ALBORNOZ, N., *Las crisis de subsistencias en España en el siglo XIX*. Instituto de Estudios Históricos, 1963, p. 52-93. Do mesmo autor, “La crisis de subsistencias de 1857”, en: *España hace un siglo: una economía dual, 1977*, p. 27-68.

4. Como veremos máis adiante no estudo de Barreiro Mallón e de Rodríguez Galdo.

3. A fins de 1852, a proximidade do conflito en Crimea fai que os especuladores provoquen unha incipiente carestía. En efecto, a guerra ocasionará o peche dos portos de Odesa e Sebastopol, e con iso, a imposibilidade de dar saída á produción trigueira rusa. Ademais, os exércitos francés e británico necesitan grandes abastos que os seus fornecedores habituais non puideron satisfacer. A España, pois, preséntaselle unha conxuntura propicia que sabería aproveitar, pasando a ser, por primeira vez, unha potencia exportadora de cereais. Así, os casteláns invocaban: *“Agua y sol / y guerra en Sebastopol”*.
4. Non obstante, o que para España, ou mellor dito, para os propietarios españois foi unha sorte, non o foi para o resto do país, que tivo que padecer a suba do prezo do pan e dos artigos de primeira necesidade. Ademais, logo de tres copiosas colleitas consecutivas, sobreveu unha frouxa en 1855. Aguillada, a exportación mantívose activa á custa de desgornecer os almacéns e deixar mal satisfeitas as necesidades locais<sup>5</sup>. Por riba, a lexislación arancelaria prohibía a importación de grans.
5. Concluída a guerra en Oriente, os cereais rusos volveron inundar os mercados, aos que hai que sumar os de Norteamérica. Non obstante, os especuladores españois, amparados pola prohibición en vigor, lograron deter a caída dos prezos. Podemos apreciar, pois, un compoñente social nesta crise, na que o liberalismo sacrificaba a poboación, co fin de manter unha estrita política económica que beneficiaba aos máis favorecidos.
6. Grandes capas da poboación comezaron a padecer escaseza e mesmo fame. Dende 1856 desencadéase en España outra crise de subsistencia, cuxo momento culminante será o ano 1857, e recuperarase o seguinte. Ao final, forzado polos alborotos, o Goberno tivo que importar grans para salvar a situación en xullo de 1856 e durante os tres anos que durou a conxuntura.
7. Os efectos demográficos das crises de subsistencias son coñecidos: postergación dos matrimonios, retracción das concepcións e aumento das defuncións<sup>6</sup>. Varias provincias españolas padeceron, efectivamente, un lixeiro decrecemento da poboación en 1858.
8. Os motíns de subsistencias, propios do Antigo Réxime, repetíronse nestes anos, especialmente en Andalucía; o mesmo sucederá anos máis tarde, en 1868-69, e coa Man Negra de 1882.
9. En Galicia, en concreto, apréciase outra característica: *“La fabulosa diferencia del precio de los granos en abril o mayo y el que obtienen en octubre y noviembre. Así es que el labrador pobre, obligado cada año a tomar prestado grano o dinero con que alimentarse y alimentar su ganado, tiene que devolver o enajenar a veces doble cantidad de grano de la que recibió cinco o seis meses antes. La usura es la solución para la falta de capital”*<sup>7</sup>.

5. Situación similar repetírase durante a Primeira Guerra Mundial, de 1914 a 1918, provocando unha inflación que levará á conflictividade obreira que atallará a Ditadura de Primo de Rivera de 1923.

6. Ver VÁZQUEZ ARIAS, J.C., op. cit.; para Pontedeume, especialmente nos anos 1853-55.

7. *Revista de Agricultura*, II, 1851, p. 309, citado en: SANCHEZ ALBORNOZ, N., *Las crisis de subsistencias en España en el siglo XIX*, p. 73.

### 1.3 Crise agraria de 1868-70<sup>8</sup>

No ano 1865 producírase un novo andazo de cólera en España e noutros países europeos. E tres anos máis tarde, o noso país padeceu outra grave crise de subsistencias, do estilo das anteriores. Pola súa amplitude e dispersión foi a última dunha longa serie, das que quedan testemuños dende o século XVI en diante. Aos efectos do próximo cólera, súmanse os doutras enfermidades infecciosas (como a febre amarela), propagadas grazas á debilidade dos corpos, mal alimentados. Ademais da escaseza e carestía dos produtos alimenticios, a perturbación económica carrexou fame. Non obstante, os efectos foron diferentes segundo as zonas xeográficas: moderados na costa e máis intensos no interior.

Demograficamente, podemos seguir a evolución da crise: Os decesos multiplicáronse dende o outono de 1867, cando a carestía se xeneralizou e adquiriu caracteres graves. No inverno de 1868 mingou a mortalidade, pero menos que de ordinario. Durante os veráns de 1868 e 1869, cruenta mortalidade, seguida dun volume aínda elevado de defuncións durante o resto do ano último.

Como adoita suceder, os nacementos e matrimonios tamén acusaron o golpe cun forte declive. A mortalidade ocasionada por esta crise alimenticia tivo entón maior envergadura a escala nacional que a provocada pola precedente epidemia do cólera, aínda que os contemporáneos temeron máis esta última e atribuíronlle un carácter máis catastrófico, por razóns psicolóxicas e sociais.

## 2. AS CRISES DE SUBSISTENCIAS EN GALICIA NO SÉCULO XIX<sup>9</sup>

A década dos 50 é de crise agraria en grande parte de Galicia, complicada logo no seu desenlace cunha epidemia de cólera, apreciable na costa e non tanto no interior.

### 2.1 Efectos demográficos

Observando a provincia da Coruña no seu conxunto, obtéñense os seguintes resultados:

Ano: 1855. Poboación: 551.989 en 1857. / 557.311 en 1860.

PARTIDOS XUDICIAIS	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	MATRIMONIOS	POBOACIÓN
Arzúa	29	18,9	6,3	47.608
Betanzos	26,3	38,5	6,4	47.310
Coruña	30,5	29,3	7,1	63.010
Santiago	30,2	42,2	4,8	47.165
Carballo	25,2	12,5	4,1	42.880
Noia	27,3	18,3	9,1	38.706

8. SÁNCHEZ ALBORNOZ, N., *Crisis alimenticia y recesión demográfica*, en: op. cit., p. 69-80.

9. Ver BARREIRO MALLÓN, B., "Demografía y crisis agrarias en Galicia en el siglo XI", en: EIAS ROEL, A. (coord.), *Las fuentes y los métodos de Historia cuantitativa serial de Galicia*, 1977.

PARTIDOS XUDICIAIS	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	MATRIMONIOS	POBOACIÓN
Ortigueira	24,1	27,1	7,6	33.887
<b>Pontedeume</b>	<b>25,5</b>	<b>36,1</b>	<b>7,7</b>	<b>33.197</b>
Corcubión	24,9	16,7	6,1	33.343
Orden	24,3	17,1	4,8	31.186
Padrón	23,2	19,5	5,3	30.332
Negreira	22,2	19	4	29.982
Muros	25,8	25	5,9	24.473
Ferrol	31,8	40,4	5,8	51.446
<b>TOTAL</b>	<b>27,2</b>	<b>27</b>	<b>6</b>	<b>-</b>

Na década dos 50 descóbreanse irregularidades notábeis, tales como as elevadas taxas de mortalidade de Santiago, Ferrol, Betanzos e Pontedeume, que non atopan resposta nas respectivas de natalidade e nupcialidade. Iso é debido á anormalidade dos anos 1853-1855. Pero o conxunto tampouco permite pensar en descenso e si nun sostemento do alto nivel das defuncións e do moi baixo dos matrimonios.

## 2.2 Fame e cólera

A poboación galega do século XIX segue unha evolución positiva, se ben acusou unha crise de carácter catastrófica, típica do réxime demográfico antigo, nos anos 1853 e 1854. Arranca dunha crise agrícola moi grave, orixinada por continuadas chuvias e baixas temperaturas estivais que podrecen a escasísima colleita de cereais, sobre todo do millo, para logo empalmar coa epidemia de cólera sobre unha poboación moi depauperada.

Aínda que os datos corresponden a parroquias da provincia coruñesa, podemos extrapolar algunhas conclusións válidas para toda Galicia (coa excepción de Ourense).

Mentres que a natalidade descende no interior, a mortalidade sobe violentamente na costa; por outra banda, mentres a punta da crise na zona do interior se sitúa en 1853, na costa faino en 1854. Corroborra así as afirmacións que centran a epidemia de cólera nas zonas costeiras, mentres a fame do ano anterior se cebou no interior.

ZONA INTERIOR			
Anos	Nacementos	Matrimonios	Defuncións
1852	353	75	185
<b>1853</b>	<b>279</b>	<b>63</b>	<b>269</b>
1854	269	56	231
1855	270	61	219
1856	280	78	187

ZONA MARÍTIMA			
Anos	Nacementos	Matrimonios	Defuncións
1852	152	31	73
<b>1853</b>	<b>153</b>	<b>23</b>	<b>106</b>
1854	121	35	180
1855	149	39	88
1856	120	45	80

### 2.3 Crise agraria e prezos

Dáse categoría de cereal base ao millo, posto que representa o 71% do conxunto trigo-cen-teo-millo nun total de 45 parroquias controladas durante o último terzo do século XIX na provin-cia da Coruña.

Non obstante, a gravidade da crise dos anos cincuenta non se ve reflectida nos prezos dese anos (como xa demostrou Sánchez Alborno). Esta mínima oscilación, non proporcional ao nivel da baixa colleita, só pode explicarse, segundo Barreiro Mallón, por unha maior circulación inter-rexional dos produtos, que chegan mesmo dende o estranxeiro, con subministración moitas veces gratuíta, e principalmente de millo, tanto para consumo coma para sementeira.

### 3. A CRISE AGRARIA DE 1852-53 E A SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA DE GALICIA<sup>10</sup>

*“Ha llovido tanto, tanto que el hambre ha venido nadando, como se dice en este país, donde las lluvias continuadas son un síntoma infalible de miseria. La que se experimenta en la mayor parte de Galicia, especialmente en su montaña, es verdaderamente espantosa (...); El Hambre! Desgraciadamente es cierto, terriblemente cierto este azote con que nos aflige la Providencia, desgraciadamente podemos llamarnos hoy los irlandeses de España”<sup>11</sup>.*

O factor desencadeante da crise estaría, como xa se dixo, nas fortes chuvias caídas nos meses de agosto, setembro e outubro de 1852. Os temporais causaron a perda da colleita dese ano e mesmo unha boa parte da do 1853. Ademais, a escaseza do recollido impedía reservar a semente para o seguinte ciclo reprodutivo. E, para colmo, as cargas que gravaban a explotación campesiña, xa como recoñecemento do dominio directo, xa como contribución ao Goberno central, tiñan que ser pagadas sen remisión.

Grande número de campesiños, carecendo de recursos para vivir, víanse obrigados a abandonar os seus lugares por non teren con que sementar as terras nin froito para alimentárense mentres as cultivan. A moreas fuxían ás vilas e cidades en busca de esmola ou dalgún tipo de alimento. Esta afluencia levaba consigo un gran risco de ser doada presa, dada a súa situación, de enfermidades e contaxios (como se demostraría na epidemia de tifo dese ano e a de cólera dos dous seguintes).

Trátase, pois, dunha crise chamada “de tipo antiga”, unha crise de subsistencias, que se caracteriza polo afundimento dos ingresos dos cultivadores directos e que se amplía pronto cara a

10. RODRÍGUEZ GALDO, M. X., “A crise agraria de 1853 e a emigración galega a Cuba”, en: Revista *Grial*, nº 57, 1977, p. 261-272.

11. Refírese á gravísima crise de subsistencias que sufriu Irlanda pola podremia da pataca de 1845 a 1850. El Herald, Madrid, 1 de marzo de 1853, citado en: RODRÍGUEZ GALDO, M. X., “Hambre, epidemia y crisis demográfica en la Galicia litoral a mediados del siglo XIX”, en: Revista *Asclepio*, nº 35, 1983, p. 53-54.

outras variábeis económicas: caída da demanda dos produtos artesanais e dos servizos, incremento do paro, ... As capas sociais de menores ingresos son as máis afectadas pola crise, e aumenta deste xeito a súa dependencia dos rendistas, especuladores, usureiros e das institucións que regulan a caridade pública.

Como xa vimos con Sánchez Albornoz e con Barreiro Mallón, a explicación da crise non é unha simple adversidade climática, e isto xa o viron claramente os contemporáneos desta, que nos pintan un panorama deprimente pero esclarecedor da situación:

### A

*“En grave error incurren los que creen que el accidente de una mala cosecha ha traído sobre Galicia la espantosa miseria que la devora. Los que así piensan non han reflexionado que en este año muchas de las provincias vecinas tuvieron un gran sobrante de alimentos, y principalmente de trigo, con lo que se proporcionaba a los gallegos el alimento casi al mismo precio que les costó siempre... (Galicia) no es posible que sucumbiese ante un solo año de escasez.*

*Importáronse allí trigos y harinas de Santander y de otros puntos. Las paneras de los propietarios del país se abrieron también al mercado. **El precio aumentó muy poco al de otros años** y sin embargo, el hambre inexorable arrojaba al sepulcro familias enteras encerradas en sus propios hogares. Veíanse los caminos cubiertos de labradores que emigraban en tropel de sus aldeas para ir a implorar la caridad pública en los pueblos..., los campos quedaron sin cultivo por falta de siembra; las casas de los colonos fueron abandonadas, y la soledad y la muerte reemplazó a la animación y a la vida de otros años.*

*¡En el interin el mercado no carecía de nada! ¡Suplía perfectamente a la escasez de la cosecha!!*

*No faltaban alimentos; no. Sobraban. Lo que faltaba a estos infelices era un real para pan, o especies para cambiar; y sin embargo, ¡Galicia es el país en donde no va a manos del rico un maravedí del cual no haya sido antes dueño el colono! (...) A excepción de algún forastero y empleado, el resto de **la población se divide en propietarios (...) que no trabajan en el campo y viven de las rentas que les paga el colono, auxiliados casi siempre con el sueldo de un empleo o de otra profesión, y en pequeños labradores o colonos que son los únicos que cultivan las tierras** y que constituyen las dos terceras partes de sus habitantes”<sup>12</sup>.*

### B

*“No hay que hacerse ilusiones. La miseria de Galicia continuará en mayor o menor escala, porque no depende de causas tan transitorias como una mala cosecha, que otra abundante puede reparar. La escasez de la de 1852 no hizo más*

12. PASARÓN Y LASTRA, R., *Informe sobre el estado en que hayó a los colonos pobres de Galicia el hambre que los afligió durante el año de 1853*, Madrid, 1853, p. 4-6, citado en: RODRIGUEZ GALDO, X.M., op. cit., p.264. Da mesma autora, “Hambre y enfermedad en Galicia a mediados del siglo XIX”, en: *Revista Asclepio*, nº 29, 1977, p. 333-4.

que poner en evidencia el mal; pero en realidad no lo produjo, porque deriva de causas anteriores que debemos estudiar.

(...) Desgraciadamente nuestra agricultura tiene un cáncer que la corroe, en la **extremada división de la propiedad** (...) Esta división exagerada produce dos resultados a cual más funestos; a saber: **la exiguidad de las cosechas y el aumento de la población**.(...) Así es que, satisfechas las rentas y las contribuciones, no queda al labrador; ni aún en los años ordinarios, lo necesario para cubrir los gastos de la más parca subsistencia, pudiendo decirse con seguridad que la inmensa mayoría carece de pan en los tres meses anteriores a la recolección<sup>13</sup>.

Como era habitual nestes casos, as autoridades atribuíron a penuria existente a unha adversidade enviada polos poderes sobrenaturais: “por que es cierto que Dios envía esta clase de calamidades públicas ordinariamente por nuestros pecados como lo es que se aplacan sus iras cuando ve que los sacerdotes y el pueblo acuden a implorar su misericordia”<sup>14</sup>.

Ao mesmo tempo, as autoridades civís e eclesiásticas trataron de arbitrar certas medidas que paliasen a grave situación formulada, intentando conter a riada humana que abandonaba as aldeas deixando os campos sen cultivo, facilitando donativos e empréstitos en gran. Ademais, acelerando as obras públicas e pedindo unha diminución temporal nas contribucións. Mais as axudas conxunturais eran de todo insuficientes, tendo que acudir os campesiños ineludibelmente ao empréstito usurario ou á emigración, sendo escasas as revoltas populares violentas, como a sucedida en Santiago: “Tocábanse todavía las funestas consecuencias de la gran miseria de 1853, llamado por antonomasia, <el año del hambre>; y cuando parecía encauzarse el remedio a las necesidades públicas, el abuso en la especulación y reventa de granos por traficantes y acaparadores, originándose extraordinario encarecimiento en los precios, con perjuicio sobre todo de las clases proletarias, hizo cundir de nuevo el general malestar”<sup>15</sup>.

Cando rexía o ciclo demográfico antigo, estas crises acompañábanse normalmente de epidemias que actuaban de mecanismos compensadores do “excesivo” número de habitantes. Pero neste caso, e aínda que a presenza do cólera en 1854 e 1855 foi notoria e a mortalidade creceu, a crise non restaurou o precario equilibrio recursos-poboación das sociedades preindustriais; antes, agravou a situación das clases populares e demostrou a incapacidade do sistema produtivo (e da organización da sociedade) para facer fronte ao menor desafío meteorolóxico.

O vello ciclo demográfico, pois, estaba roto, e con ocasión desta mesma crise, porase de manifesto que o principal mecanismo regulador da poboación será o movemento migratorio.

13. CASTRO BOLAÑO, J. M., “Informe sobre las causas de la Miseria de Galicia”, en *Boletín Oficial del Ministerio de Fomento*, t. XII, 1853, p.570-583; citado en: RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., “La crisis agraria de 1852-55 y la persistencia del sistema productivo tradicional”, en: *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Eds. do Castro, 1981, p. 25.

14. Pastoral do arcebispo de Santiago de Compostela de data 12-2-1853, publicada no *Boletín Oficial Provincial da Coruña* do día 14., citado en RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., op. cit., p. 25-26.

15. PÉREZ CONSTANTÍ, P., “Carestía de granos en 1855, en Santiago”, en *Notas viejas galicianas*, t. 3, 1926, p. 315-322.



Sendo, pois, o labor asistencial insuficiente para paliar a situación, a emigración será unha vía de saída posíbel, a única que non alteraría o mantemento das relacións económicas tradicionais e a cómoda hexemonía do bloque social dominante. Foi América Latina a que absorbeu, durante este século e parte do seguinte, a poboación “excedente” galega. Non é casualidade, pois, que sexa precisamente este ano de 1853 cando se permita a emigración cara a América, dando comezo a un círculo que non iría máis que en aumento durante os seguintes decenios<sup>16</sup>.

## 4. AXUDA A GALICIA

### 4.1 Resposta do Estado

Esta situación calamitosa non podía pasar desapercibida para o Goberno da nación, se ben a súa actuación para intentar solucionar o problema foi moi escasa, como non podía ser doutro xeito naquela época e máxime nun Estado liberal tan fraco, especialmente na área social, carente dun departamento ou ministerio especializado. Ademais, limitouse, salvo algunhas axudas económicas (que analizaremos despois), a organizar a beneficencia de xeito delegado nos concellos, transferindo a asistencia socio-económica á administración local. Os gobernadores civís de cada provincia, a través dos boletíns oficiais respectivos, transmitían as instrucións para a formación de Xuntas de Beneficencia municipais aos alcaldes, que cargaban coa responsabilidade do seu cumprimento.

Así, no *B.O.P. da Coruña* de 25-2-1853, no apartado *Beneficencia por Calamidades públicas*, a través da Circular nº 127, o gobernador ordena a convocatoria, por parte dos concellos da provincia, das *Xuntas de Caridade e Beneficencia*. A continuación, enumera as instrucións para o seu funcionamento, e outras referidas aos preceptivos *Padróns de pobres* (con documentación acreditativa), como obter fontes de financiamento (poxas, rifas, impostos, etc...).

As autoridades encargadas de distribuír estas axudas son as seguintes:

*“El gobierno de la provincia en unión con la Comisión auxiliar de Socorros, y a excitación de la Diputación provincial, dirige desde la capital la distribución de los socorros enviados por el gobierno de S. M., de los suscriptores y rifas. Son individuos de ella el Capitán General, el Regente de la Audiencia Territorial, el Arzobispo de Santiago, el Alcalde de La Coruña (Juan Florez), el Presidente de la Junta Municipal de Beneficencia (...)”.*

En cada unha das capitais dos partidos xudiciais (como Pontedeume), serano: *“El Alcalde (Presidente de la Junta de Beneficencia), el Juez de 1ª Instancia, el cura párroco y varios propietarios”*, (ademais do deputado provincial). En cada parroquia, haberá xuntas ou comisións parroquiais, que as integrarán o cura, o pedáneo, e varios veciños *honrados*.

16. Ver VÁZQUEZ ARIAS, J. C., op. cit., 345-350.

En canto á axuda económica directa do Estado, esta organizábase do seguinte modo:

O B.O.P. da Coruña de 29-6-1853, informa dunha entrega “por parte de la Reina Gobernadora” de 1.371.480 rs. A distribución desa cantidade faciase así:

“-Obras públicas de caminos vecinales, un 50%.

-Socorro y auxilio para el labrador y para el que no puede trabajar, un 40%.<sup>17</sup>

-Socorro para acudir a la enfermedad y precaver de ella a los pueblos, un 10%”<sup>18</sup>

O B.O.P. da Coruña de 15-7-1853 informa dunha axuda do Goberno de 3 millóns de reais, adiantando para agosto 700.000, correspondendo a cada partido xudicial da provincia, 56.600 rs. Este diñeiro analizarase do xeito que xa explicamos, resultando as seguintes cantidades:

“-Obras públicas de caminos vecinales (50%): 5.600 rs.

-Auxilio de la agricultura (fondos parroquiales) 30%: 16.980 rs.

-Socorros para impedidos (10%): 5.660 rs.

-Rebajado el 10% para enfermedad: 50.940 rs”<sup>19</sup>.

#### 4.2 A Igrexa como benfeitora. O Arcebispado de Santiago

A Igrexa católica tivo dende tempo inmemorial un destacado papel caritativo, debido aos seus fins piadosos, pero tamén polo seu poderío e por que enchía o baleiro que o Estado non podía cubrir. Pois ben, a mediados do século XIX, nada cambiou aínda neste aspecto, polo que as dioceses galegas serán un importante apoio á limitada capacidade gobernativa. Aquí, imos tratar, moi superficialmente, a actuación do Arcebispado de Santiago, ao que pertence Pontedeume. Distinguimos dous aspectos, un, poderíamos dicir, teórico, e o outro, máis práctico.

##### Labor pastoral. Predicacións e publicacións:

- *Pastoral do Excmo. Sr. D. Miguel Cuesta, arzobispo de Santiago de Compostela al clero y al pueblo de su diócesis.* Santiago, Imprenta Rey Romeiro, 13-6-1853. 18 páxs.

Tema: Consideracións cristiás sobre a fame en Galicia; explícase como un castigo de Deus polos pecados dos homes. Para ler nas igrexas os días de culto.

- *Sermón da Sagrada Eucaristía predicado en la catedral de Santiago el domingo de Corpus por el presbítero D. Fernando Blanco, a favor de los pobres de Galicia.* Santiago, Imp. J. Souto, 1853. 40 páxs.

Tema: Consolo aos pobres aflixidos polas penurias, que terán recompensa polo seu sufrimento.

- *Proposiciones sobre Beneficencia, aplicadas a la actual calamidad de Galicia, por un amigo de la sociedad y de los pobres.* Santiago, Imprenta Rey Romeiro, 1855. 16 páxs.

17. “De esta proporción, un 30% se destinará directamente a las parroquias, como fondo de reserva y para fundar en el futuro un Banco Agrícola, para frenar la usura. Se invertirá en granos a los labradores, para no comprarlos a precios abusivos”. (O 10% restante, será para as persoas impedidas para traballar).

18. Refírese ás febres tifoides. Consta, tamén, non citado B.O.P., un apartado no que se citan 33 consellos do Dr. Varela de Montes (médico que será a máxima autoridade na epidemia de cólera de 1854 e 1855), medidas para evitar unha epidemia: “Preceptos higiénicos y terapéuticos sobre la fiebre reinante” En distintos puntos de Galicia, sobre todo de arredores de Santiago, fálese dunhas febres estacionais (polo verán), non de alta mortalidade, e que, aínda que non foron definidas exactamente, provoca “víctimas del hambre y de la enfermedad que, aunque estacionaria, llena los hospitales y los hospicios, ataca a todas las clases y lleva víctimas al sepulcro”. Ver nota 63, para Pontedeume.

19. AHDS, sig. 5, f. c. Véxase esta repartición correspondente a Pontedeume no capítulo “Axuda do Estado”.

Tema: Consideracións morais sobre a beneficencia aos agricultores e esmoleiros do campo galego.

- Ventura da Puga, Pedro: *Medios que se proponen para minorar y aún desterrar la mendiguez, y adelantar, estender y perfeccionar las artes y oficios*. Ourense, maio de 1853. 16 páxs.

- *Propuesta de Reglamento especial de Beneficencia para Santiago*. “El producto que resulte de la venta deste librito, deducido su coste, se entregará al Excmo. Arzobispo, para los pobres”. 1853. 8 páxs.

- Rogativa pública do arcebispo aos párrocos da diocese (incluída no *B.O.P. da Coruña e B.O.P. de Pontevedra* do 14-2-1853)<sup>20</sup>.

### **Axudas económicas:**

1. Achegas do Arcebispado de Santiago durante os anos 1853 e 1854 á Xunta de Caridade e ao Hospital e Hospicio da Coruña, ao Hospital de Ferrol e ao Hospicio de Santiago.
2. Donativos recadados entre particulares, como o de D. José de la Cámara, de Madrid, de 150.000 rs, dos cales, 30.000 son para Ferrol, 40.000 para A Coruña e 80.000 para Santiago.
3. Rifa do coche “*con sus dos mulas*” do arcebispo de Santiago, “*para contribuir a remediar la general miseria*”.
4. Ao pedimento de axuda formulado polo arcebispo de Santiago houbo unha sorprendente resposta solidaria, procedente de distintos puntos de España e do estranxeiro, destacando os seguintes:
  - Donativos de diversas cidades, como Barcelona, Bilbao, Xixón, Madrid, Plasencia, Santander, Lisboa, Porto, etc. Sobresae Cádiz, con 37.000 reais.
  - Luis López Ballesteros, Excmo. Patriarca das Indias, presidente da Comisión da Real Congregación de Santiago Apóstolo, en Madrid, colaborou con 27.000 rs.
  - A diocese de Lyon (Francia) realizou unha colecta de 15.000 rs. O seu cardeal achegou 2.700 francos (9.848 rs.) por encarga do Marqués de Viluma, ministro de S. M. en París.
  - A emperatriz de Francia, a española M<sup>a</sup> Eugenia de Montijo, casada ese mesmo ano de 1853 con Napoleón III, doou 40.000 rs.
  - O Instituto Agrícola Catalán e horticultores de Orleáns (Francia) regalaron sementes.
  - A Comisión auxiliar de Socorros do Goberno español liberou 700.000 reais en agosto do 53, pertencentes ao 90% dos xornais para camiños veciñais, para que os distribuíse o Arcebispado.
  - Contas da Xunta de Caridade da cidade de Santiago: 267.000 rs.

Todo este diñeiro gastouse en sementes ou pensións proporcionados aos labradores da diocese, do cal se conservan listas por pobos<sup>21</sup>.

20. AHDS. Sig. 4 (485), ano de 1853. *Fame en Galicia. Donativos do Estranxeiro e de varios puntos de España. Xuntas de caridade. Resolucións varias. Rifas, rogativas, etc.*

21. ADHS Sig. 5 (486), anos 1769-1898. *Donativos, socorros. Rogativas, etc., con motivo de escaseza de grans, inundacións, naufraxios, epidemias, guerras e terremotos. (...)*

## 5. RUÍNA DO VIÑEDO DE GALICIA E A SÚA RELACIÓN COA CRISE DE 1853<sup>22</sup>

Un importante proceso de intensificación de cultivos, xa comezado no século XVIII, tivo lugar no XIX en moitas zonas de Galicia, até impoñerse as formas de cultivo múltiple e máximo aproveitamento do terrádego que caracterizan aínda hoxe en día unha parte do país. O peso do novo sistema impositivo liberal (tras a desamortización de Mendizabal) e a monetización dos tributos (que substitúe ao pagamento en especie do Antigo Réxime) incide de forma grave sobre a economía campesiña, sempre escasa de numerario.

Nas rexións produtoras, o viñado era precisamente a principal fonte de ingresos monetarios. Co diñeiro da comercialización do viño, o campesiño compraba os produtos imprescindíbeis non subministrados pola explotación familiar e pagaba contribucións, rendas e demais impostos<sup>23</sup>.

O viño permitía tamén facer fronte aos frecuentes endebedamentos, especialmente cando a colleita do cereal era escasa. Era mesmo un importante recurso alimenticio nunha comunidade con permanentes problemas para a satisfacción das súas necesidades máis elementais.

A elevada demanda do viño e o custo do transporte explica o mantemento do viñado en moitas zonas de desfavorábeis condicións ecolóxicas para o seu cultivo. Segundo os datos do Anuario Estatístico, esta era a extensión das viñas nas catro provincias galegas no ano 1858:

A Coruña.....16.138 Ha.  
Lugo.....13.309 Ha.  
Ourense.....19.842 Ha.  
Pontevedra.....7.265 Ha.

Estas cifras, aproximadas, reflicten a persistencia do viñado en moitas zonas (especialmente no norte das provincias de Coruña -véxase Pontedeume- e Lugo) onde hoxe en día desapareceu case por completo. Tras a crise do *oidium*<sup>24</sup>, que agora imos ver, o mapa vinícola cambiará de forma notábel<sup>25</sup>.

*“La pérdida de la cosecha de un año provocará siempre una crisis económica y social en Galicia. Cuando sobrevienen cosechas pobres, el labrador, que posee*

22. RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., “A crise do viñado a mediados de s. XIX e os problemas de monetización da economía galega”, en: Revista *Grial*, t. 16, nº 62, 1978, p. 392-402.

23. Veremos, a este respecto, a importancia do viñado (e da súa crise) en Pontedeume no capítulo 8.2.

24. Oidium, hoxe chamado oídio, causado polo fungo *Uncinula necator* (= *O. tuckeri*) é unha enfermidade da vide de orixe americana, introducida en Europa. Os síntomas son: mal desenvolvemento das follas, as uvas en estado novo murchan e secan; posteriormente rompen e avanza a podremia. Hoxe, os tratamentos preventivos con base no xofre son bastante eficaces.

25. En 1889, despois dun importante período de expansión vitícola e antes de que outra praga, a filoxera, ocasionase grandes estragos, a superficie cultivada seguía a ser case a mesma en Ourense, pero diminuíu considerabelmente en Lugo (5.223 Ha.) e Pontevedra (4.745 Ha.), e convertérase nun cultivo marxinal na provincia coruñesa, agás Betanzos e o Ulla. *Avance estadístico sobre cultivos y producción de la vid en España, formado por la Junta Consultiva Agronómica*, 1889, Madrid, 1891, citado en: RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., op. cit., p. 395.

*todavía algunas fincas, apela al recurso sabido de venderlas por cualquier precio libre de pensión. De este modo, paga las rentas, sale al día y vive un año más; pero su situación económica se complica, y en un porvenir, más o menos lejano, tiene que sucumbir bajo el peso insoportable de la carga que imprudentemente se impuso. Llegado este caso, se presenta la quiebra, abandona los bienes, y tenemos una familia más de mendigos que viven sobre el país, perdidos definitivamente para el trabajo. Esto es lo que ha sucedido en el año de 1852 (...) y lo que está sucediendo actualmente en los distritos vinícolas castigados por el oidium, y lo que sucederá siempre en circunstancias análogas”<sup>26</sup>.*

Xa vimos como as alteracións meteorolóxicas de 1852 foron a causa das dificultades das colleitas de cereais e leguminosas; a estas, engadíronse, e pola mesma razón (exceso de chuvias) nas rexións vitícolas, a propagación do oídio tuckeri. A crise volveuse, así, especialmente dramática, e duradeira (até ben entrados os anos sesenta), nas zonas onde o viñado xogaba un papel destacado, as cales soportaban, polo xeral, unha maior presión demográfica. Ourense foi, pois, a provincia máis castigada e a primeira onde a enfermidade criptogámica fixo a súa aparición. Tamén Pontevedra sufrirá os efectos da praga. Pero onde a crise vitícola tivo unhas consecuencias definitivas sobre a paisaxe agraria foi no norte das provincias da Coruña e Lugo, zonas pouco aptas, como xa vimos. O oídio precipitou a case total desaparición das vides, coa citada excepción da bisbarra brigantina.

A Xunta Especial de Caridade de Galicia, creada en 1853 pola crise, referíase á pésima conxuntura da “*pérdida absoluta de las cosechas*”, precisamente no momento que se sufría tamén o “*aniquilamiento de la más poderosa industria del país*”, referíndose á industria da salgadura e pesqueira, ás que habería que sumar, ademais, o decaemento que padecía a tradicional do liño.

## 6. IMPORTANCIA DO VIÑEDO EN PONTEDEUME

Dúas foron as principais fontes de riqueza de Pontedeume dende sempre: a pesca (sardiñas) e o viño. Moitos son os testemuños da segunda. O máis antigo que coñecemos data de 1241 e alude a unha doazón dunha viña, próxima á igrexa de S. Cosme de Nogueirosa, que don Sancho Fernández fixo ao mosteiro de Sobrado<sup>27</sup>. Un texto de 1572, publicado por M<sup>a</sup> Teresa González Muñoz, explica que os douscentos veciños de Pontedeume da época se gañaban a vida pescando e traballando nas *viñas* e nas hortas<sup>28</sup>.

26. CASTRO BOLAÑO, J.M., artigo en *El Correo de Lugo*, nº 8, 25-VI-1860, en: RODRÍGUEZ GALDO, op. cit., p. 395-6.

27. VAAMONDE LORES, C., *Ferrol y Pontedeume*, La Coruña, 1909, p. 62-63.

28. SAAVEDRA, P., “Os cambios agrarios na comarca eumesa no decorrer do Antigo Réxime”, en: *Revista Catedra*, nº 2, 1995. É máis, a comarca eumesa xunto á de Betanzos son as maiores produtoras de viño do norte galego, (por suposto tras Ourense e o sur de Lugo). Máis adiante, estuda a superficie plantada de viñado nas parroquias de Miño e San Martiño do Porto, en 1750, e chega á conclusión de que igualaba á de labradío: é dicir, a metade de todos os cultivos. Pontedeume non debía de ser moi diferente. Non obstante, o autor afirma que a proporción de viñado se viu reducido no futuro, polo crecemento do millo, que será o que permitirá o aumento da poboación nas últimas décadas do Antigo Réxime.

Outra referencia, de 1607, son as *Memorias* do cóengo visitador da diocese compostelá D. Jerónimo del Hoyo, que di, referíndose ao tráfico comercial polo Eume, “*se embarca en este rio todo género de vinos de lo que se coxe en la tierra y se lleva a Asturias y a Viscaya y a otras partes*”<sup>29</sup>.

A continuación, describe as rendas que cobran os curas das parroquias de Pontedeume, entre os cales menciona: “*Santa M<sup>a</sup> de Hombre: cuatro pipas de vino; Santiago de Boebre: cuatro pipas de vino; Santa M<sup>a</sup> de Centroña: seis pipas de vino; S. Cosme de Nogueirosa: seis pipas de vino; S. Martiño de Andrade: dos pipas de vino*”<sup>30</sup>.

Máis adiante, Couceiro reproduce as ordenanzas da vila con que os gobernos locais pretendían protexer o viño propio, como as aprobadas o 14-XII-1622, nas que se recoñece que a principal facenda e aproveitamento dos veciños da vila e da súa xurisdición e alfoces consiste nas **viñas** e hortas, as cales manda que estean ben pechadas e gardadas, previndo aos donos do gando que non o deixen pacer nos devanditos terreos “*so pena de 300 maravedies*”<sup>31</sup>.

Tamén, o Libro Rexistrador de propiedades do Concello de Pontedeume contén disposicións do rexemento da vila contra os que venden ilegalmente viño nos termos municipais<sup>32</sup>.

No Catastro de Ensenada de 1751 atopamos información abundante sobre o tema. Xa é significativo que, ante a pregunta de cantas tabernas hai no pobo, se conteste que “*no hay tavernas públicas porque cada vezino cosechero vende particularmente el vino en su casa*”.

En canto á produción vinícola, o Catastro distingue entre as parras e as viñas; as primeiras mídense en *jornales*, que dan corenta *azumbres* de viño ao ano. “*Y en quanto a las viñas y su medida se regula en este país por jornales y tres de ellos componen un ferrado de tierra de sembradura de trigo (...) y a cada jornal (de primeira calidade) producirá cada año diez o doce azumbres de vino, y el de mediana calidade producirá cinco o seis azumbres*”<sup>33</sup>.

Tendo en conta que a vila carece de labradíos, os terreos agrarios atópanse nas demais parroquias. No seguinte cadro vemos analizada a produción por parroquias e calidades, referidos a ese ano de 1751<sup>34</sup>:

29. CARDENAL JERÓNIMO DEL HOYO, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Porto y Cía, editores, p. 307.

30. CARDENAL JERÓNIMO DEL HOYO, op. cit., p. 307-310.

31. COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, 4ª edición, 1995, p. 312-315.

32. LÓPEZ CALVO, A., “O libro rexistrador de propiedades do Concello no Fondo de Patrimonio do A.M.P. Uns apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no s. XVIII”, en *Revista Cátedra*, nº 4, 1997, p. 53.

33. DAVIÑA SÁINZ, S., “Pontedeume a través del Catastro de Ensenada”, en *Revista Cátedra*, nº 8, 2001, p. 117.

34. DAVIÑA SÁINZ, S., “Las parroquias de la jurisdicción de la villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada”, en *Revista Cátedra*, nº 9, 2002, p. 179-230.

PARROQUIAS	VIÑAS DE 1ª	VIÑAS DE 2ª	VIÑAS DE 3	TOTAL VIÑA	PARRAS	TOTAL
Andrade	30	30	200	260	0	260
Centroña	100	500	1.416	2.016	24	2.040
Boebre	300	400	200	900	0	900
Ombre	390	1.000	400	1.790	54	1.844
Nogueirosa	150	150	760	1.610	48	1.658
Vilar/Breamo	200	200	500	1.008	40	1.048
TOTAL	1.170	2.938	7.584	7.584	166	7.750

Malia a diferenza no tempo entre estes datos e a época que nos ocupa, mediados do século XIX, considero que poden servir de referencia tanto na importancia da produción, coma na distribución xeográfica (por parroquias), que non ten por que cambiar demasiado.

Observamos que se eses 7.750 *xornais* os pasamos a ferrados (a terceira parte), obtemos a cantidade de 2.583. Tendo en conta que as terras de centeo e trigo suman en todas as parroquias 10.266 ferrados, as dedicadas á produción vinícola suporían unha cuarta parte das anteriores; non obstante, serían as máis rendíbeis, por ser dedicadas non ao autoconsumo, senón en boa medida, á súa venda ao exterior.

Meijide Pardo<sup>35</sup> estudou o comercio eumés no século XVIII e atopa censados 24 mercadores de viño, tantos como donos de comercios ou tendas e o dobre de traficantes de sardiñas. Así mesmo, fala dos negociantes cataláns que desembarcan na segunda metade do século en todo o litoral galego, incluído Pontedeume. Na década dos anos 60 simultanean o comercio da sardiña salgada a escala nacional (o seu principal obxectivo) coa introdución de viños do seu país nativo. Os viticultores da bisbarra eumesa opuxéronse á permisión deste tráfico, e denuncian ao Concello que os cataláns, co reclamo de que os seus viños son máis fortes que os galegos, os vendían en cantidade masiva e sen atranco ningún “*en las tabernas que tienen en los contornos de la villa*”, referíndose aos almacéns que aqueles instalaron no Areal e en Cabanas.

Finalmente, conseguiron que se prohibise aos cataláns, e demais traficantes, realizar este comercio de importación mentres non estivesen enteiramente consumidos “*los vinos de las cosechas de la villa ...*”.

Esta medida será impugnada nos últimos momentos do século por Facenda, pois non só prexudicaba ao consumidor, senón que ocasionaba un grave quebranto aos ingresos fiscais.

Por último, Meijide sinala a importancia do viño no tráfico portuario local (como observara Couceiro), destacando as vendas aos “*comerciantes de Ferrol y de sus cercanías*”, que segundo Labrada, adoitaban exceder cada ano de 150 pipas<sup>36</sup>.

35. MEIJIDE PARDO, A., “Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII”, en: *Anuario Brigantino*, nº 16, 1993, p. 61-74.

36. LABRADA, L., *Descripción económica del Reino de Galicia*, Ferrol, 1804, p. 27.

Por último, o *Diccionario* de Madoz describe así a Pontedeume en 1845, en vésperas da crise: “*El terreno es muy fértil y participa de monte arbolado y de hermosas laderas cubiertas de viñedo y de toda clase de vegetación. (...) Industria: la agrícola y viñera, algunos telares caseros, fábricas de curtidos y molinos de pan*”<sup>37</sup>.

## 7. CRISE DOS ANOS CORENTA DO SÉCULO XIX EN PONTEDEUME

Como xa quedou reflectido nun estudo demográfico sobre esta época<sup>38</sup>, a crise dos anos 50 viña precedida dunha conxuntura difícil que se remonta á década anterior. Así, Madoz no seu citado diccionario di: “(En Pontedeume) *Abunda la pesca, si bien apenas se hace de sardinas, que era lo que constituía en otra época la riqueza de esta costa*”. E sinala as causas: “*Ha contribuído a empobrecer el país la destrucción de la pesca de sardina ocasionada por el uso del aparejo llamado <xeito>*”<sup>39</sup>. Máis adiante di: “*Comercio: se halla paralizado desde que cesaron los grandes trabajos que ocupaban millares de brazos en el arsenal (de Ferrol)*”<sup>40</sup>; entón, transportaba e vendía a este porto os produtos locais: “*... como eran el vino, las frutas, (...)*”<sup>41</sup>.

O seguinte parágrafo, tomado dunha instancia dirixida ao intendente da provincia en 1845 en demanda dunha moratoria dos pagamentos fiscais, dá unha lixeira idea da difícil situación económica por que atravesaba a poboación de Pontedeume nesa época: “*Llegando algunos al extremo, casi increíble, de vender las tejas del tejado de su casa, quitadas a propósito para solventarse; otros se aventuraron entregados a la mendiguez (sic) dejando a sus familias en la miseria más espantosa por no poder, con tanta carga, alimentarlos*”<sup>42</sup>.

As dificultades económicas non só afectaban aos cidadáns como tales, senón o Concello. A razón é que os seus ingresos dependían en boa medida dos chamados *arbitrios*, uns impostos que gravaban o consumo de cinco artigos. Pois ben, tres deles teñen a súa orixe na vide: o viño, o vinagre e a augardente e licores (os outros dous eran o aceite e a carne)<sup>43</sup>.

37. MADDOZ, P., *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, 1845, Tomo V, p. 1.088.

38. VÁZQUEZ ARIAS, J.C., op. cit. En *Revista Cátedra*, nº 13, 2006, p. 313-353.

39. Sobre o “xeito” xa hai unha queixa nun censo municipal dez anos antes, en 1835: “*Otro ramo, grande y manantial de riqueza fue hasta hace poco tiempo la pesquería de sardina. Esta ría abundaba en ella (...). Mas el arte de pescar llamado xeito ahuyenta la sardina y le impide permanecer en la ría (...)*”. AMP, Caixa 83, Padrón de censos de habitantes (1712-1844), Censo de 1835.

40. J. MONTERO AROSTEGUI, na súa *Historia y descripción de la ciudad y Departamento Naval del Ferrol* de 1858, faise eco desta crise cíclica dos estaleiros ferrolás: “En marzo de 1851 se despidió a mucha gente de la Maestranza, que se ocupaba de la reparación y construcción de edificios del arsenal de Ferrol. En junio volvieron a ser despedidos más de 200 obreros del Arsenal, paralizándose las obras de máquinas de vapor”. (...) E para colmo: “Hubo una gran sequía”. Vemos como xa daquela toda a comarca de Ferrolterra dependía do traballo na base naval de Ferrol e unha caída na oferta de traballo (conxunturas políticas, económicas, etc.) afectaba a todos os pobos de arredor, incluído Pontedeume.

41. MADDOZ, P., op. cit., p. 1.089.

42. ---, “A cien años fecha”, en: *Revista de Fiestas de las Peras*, 1945.

43. “*De este último (a augardente) es del que la villa obtiene mayor beneficio, adquiriendo un verdadero protagonismo en el primer tercio del siglo XIX, (de xeito que) permitieron financiar la remodelación de las calles a mediados del siglo*”. O



## 8. CRISE DE 1853 EN PONTEDEUME

### 8.1 Ruína das colleitas de 1852

Moitos son os testemuños da causa da fame deste ano. Todos coinciden en sinalar que esta situación xa difícil dos anos corenta se agravou traxicamente coa climatoloxía adversa de 1852, provocando a ruína xeral da bisbarra (como xa vimos nos primeiros capítulos, referidos a Galicia). O Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP) alberga variada información, sobre todo grazas ás actas dos plenos municipais, que se facían eco do problema:

*“La pobreza general del país se aumentó de una manera asombrosa con la casi total pérdida de la cosecha de todos los frutos en el presente año”<sup>44</sup>.*

Como xa vimos, a produción vinícola de Pontedeume era grande, e isto facíao vulnerábel a que as alteracións na súa colleita repercutisen gravemente na economía de todo o pobo. É máis, mesmo se culpa da escaseza de alimentos ao excesivo “monocultivo” do viñado:

*“Este distrito no tiene sobrantes por término medio de sus respectivas cosechas, antes al contrario, que escasean generalmente de las necesarias de cereales para el consumo de sus habitantes, no por falta de feracidad de su suelo, sino por hallarse mucha parte a viñado, cuyo ramo de riqueza es nulo hace cuatro años en este país por la enfermedad de la cepa o vid, siendo sus productos en tiempo de cosecha un recurso para la compra de artículos de primera necesidad, cuyo surtido se hace en los mercados de Betanzos y Coruña (...). (Por) el estado de pobreza del país (...) hay muchas familias que por falta de recursos no consumen la mitad del fruto que necesitaban”<sup>45</sup>.*

A ruína non era só para os particulares, os labradores, senón que esa dependencia do diñeiro que proporcionaba a súa venda deixaba ao Concello sen o cobramento dos impostos cos cales facer fronte ao *encabezado*, que era a contribución que o Concello debía ao goberno central:

*“La miseria que aflige al país (desde) hace tres años por falta de cosechas, especialmente de la del vino, uno de los artículos juntamente con que contaba la municipalidad para cubrir el cupo del encabezado”<sup>46</sup>.*

seguinte cadro ilustranos estas afirmacións e o alcance da crise dos anos corenta:

Ano	Dereitos da augardente (en reais)
1803	15906
1813	22600
1818	25300
1824	2000
1840	3857
1845	900

[Cita e cadro cedidos por Carlos DE CASTRO da súa obra: *Calles, Plazas y jardines de Pontedeume: denominación, actividad y morfología del espacio público (1270-1970)*, Concello de Pontedeume, 2007.]

44. AMP, Caixa 396, Libros de actas capitulares ou de pleno (1840-1852), Sesión de 6 de outubro de 1852.

45. AMP, Caixa 397, Libros de actas capitulares ou de pleno (1853-1859), Sesión de 24 de outubro de 1855.

46. AMP, Caixa 39, fonte citada, Sesión de 9 de novembro de 1854. Ver máis adiante, no capítulo 9.3.2.

*“Por abundante que sea la cosecha de cereales, nunca es suficiente a cubrir la mitad del <consumo> (impuesto), (pois) la verdadera riqueza de este país consiste en el vino, y éste desapareció hace tres años sin esperanza de que en mucho tiempo vuelva a su estado normal por estar dañadas las vides por efecto del oidium”<sup>47</sup>.*

Veremos máis adiante máis testemuños similares. A duración da enfermidade da vide foi longa, até o ano 1875, en que se recollen uvas por primeira vez, ¡en 23 anos!:

*“Desde el año 1852 no se cogió vino alguno en este Distrito por efecto del oidium, que desde entonces atacó el viñedo, no dando por consiguiente ninguna utilidad y sí gastos de mantenimiento para su conservación”<sup>48</sup>.*

Ese mesmo ano outra praga similar, a filoxera, ameaza Europa, e pronto volverá reproducir o pesadelo, rematando a produción vinícola de Pontedeume, e de case todo o norte de Galicia<sup>49</sup>...

## 8.2 Consecuencias da crise de 1853

Poboacións próximas acusaron esta mala época e deixáronnos constancia do sucedido. Así, en Betanzos:

*“A un verano irregularmente húmedo y frío de 1852 sucedió un invierno de los más crudos (...). Las gentes del campo vinieron a circundar los caminos y las grandes y pequeñas poblaciones que como La Coruña, Santiago, Betanzos y otras, llegaron a ser la reunión de todos los verdaderos pobres y enfermos, así como también de todos los holgazanes y vagabundos de la provincia, llegándose a reunir en Betanzos de 700 a 900 pobres, viviendo 40 ó 50 reunidos en locales...”<sup>50</sup>.*

Montero Aróstegui descríbenos como se viviu o ano de 1853 en Ferrol:

*“La miseria que estaban experimentando los habitantes de los campos de Galicia por consecuencia de la pérdida de las cosechas atrajo a las ciudades y villas, como un enjambre, a centenares de familias que huían espantadas con sus tiernos hijos en brazos, por no sucumbir a los rigores de la estación y a los horrores del hambre, como sucediera ya a no pocos infelices labradores. La presencia imponente de aquella gran calamidad, de aquel aluvión de seres desgraciados en cuyos semblantes demacrados se retrataba todo lo cruel de su desesperación, llamó la atención de las autoridades, y multitud de cuestaciones se levantaron en todas las ciudades*

47. AMP, Caixa 397, Sesión de 4 de setembro de 1856. Ídem, nota anterior.

48. AMP, Caixa 102, Expedientes relativos ao viño (1552-1875).

49. Como xa vimos no capítulo dedicado á crise do viñedo en Galicia.

50. Expediente da Comisión da Xunta de Beneficencia e Sanidade de Betanzos de 1853, citado en VEIGA FERREIRA, X. M., “O Cólera en Betanzos (1854-55)”, en *Anuario Brigantino*, nº 11, 1988, p. 45-57.

*y villas para socorrer las calamidades de Galicia. Cada pueblo atendió por de pronto a sus más apremiantes necesidades, reuniéndose después fondos generales para socorrer a los puntos más necesitados. En el mes de mayo de 1853 presenciaba Ferrol el triste y a la vez consolador espectáculo de ver 250 pobres labradores de las aldeas inmediatas recogidos en el edificio nombrado de la Tahona, que existe a la altura de Canido.(...) Cubiertas así las necesidades del momento, no dejaron de clamar los pueblos por el fomento de las obras públicas y de nuestra moribunda agricultura, para evitar males como los que entonces deploramos, y esa emigración, ese abandono que los colonos hacen de los lugares en que han nacido”<sup>51</sup>.*

Algo parecido debeu suceder en Pontedeume este fatídico ano de 1853. Como vimos, os máis prexudicados foron os agricultores das parroquias rurais que, desesperados, buscan a caridade das vilas máis próximas. Testemuños quedánnos diso:

*“Es general el azote del hambre que sobre nosotros descargó la Divina Providencia de la pérdida casi total de la cosecha del año pasado; (...) Una crecida parte de regulares labradores abandonaron sus casas y se extienden y derraman por los caminos y pueblos con sus mugeres y familias para implorar la piedad pública a fin de alargar un momento más su miserable existencia, que a veces expira en algún despoblado, sin que esto sea una exageración, pues por más que se resienta la humanidad hay que sentar el horroroso precedente de haber sucedido más de diez de estos lamentables casos, resultando de las autoxias de los facultativos haber fallecido los sugetos, cuyos cadáveres se encontraron, de pura necesidad”<sup>52</sup>.*

En 1854, a situación chegou ao extremo seguinte: *“Considerando el Ayuntamiento que el país se halla miserable y la mayor parte de sus havitantes sin fruto para el necesario alimento, lo que sin duda ocasionará que se roben en las heredades antes de sazonzarse los de la presente cosecha, como ya comienza a experimentarse con las patatas según las quejas generales que se observan, lo que ocasiona doble perjuicio, cual es el que el dueño se queda sin la cosa y el que se la arrebatada apenas puede utilizarse de ella; y considerando que de esto nacerá el que se reduzca en partes a la nada una cosecha que en la actualidad parece regular; a fin de evitar semejante daño y el que resulta de la defensa privada y particular de las respectivas propiedades para ahuyentar a los que en ellas se intrusan a detentarlas, se acordó que en todas las parroquias del Distrito se nombren **Guardas de campo** necesarios para custodia de los frutos pendientes hasta su recolección, pasandoles por turno como carga concegil y pagandoseles ademas en retribución de su trabajo un real por ferrado de tierra, que satisfarán los dueños (...)”<sup>53</sup>.*

Esta medida repetírase ao ano seguinte, cando a situación se agravou aínda máis coa chegada da epidemia do cólera, *“con el fin de evitar los robos y rapiñas de patatas, hortalizas y toda*

51. MONTERO AROSTEGUI, J., op. cit., 1972, p.141 e 142.

52. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 13 de marzo de 1853.

53. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 30 de maio de 1854.

*clase de frutos de la tierra de la presente cosecha, se acordó (...) el nombramiento de guardas de campo en todas las parroquias del Distrito para la custodia de los frutos pendientes hasta su recolección*"<sup>54</sup>.

### 8.2.1 Efectos económicos

Un dos indicadores da crise, como xa vimos<sup>55</sup>, é a carestía dos alimentos. A continuación, un cadro cos prezos dos cereais (*Fe de valores*) que o Concello de Pontedeume regulaba todos os anos polo mes de xuño e se refiren á colleita do ano anterior, expresados en reais por ferrado<sup>56</sup>:

ANO	TRIGO	MILLO	CENTEO
1852	12,85	11,25	6,20
<b>1853</b>	<b>15,16</b>	<b>17</b>	<b>9,4</b>
1854	19,5	17,25	10,25
<b>1855</b>	<b>20</b>	<b>22,85</b>	<b>12,85</b>
1856	18,25	17,25	9,29
<b>1857</b>	<b>23</b>	<b>19</b>	<b>11,17</b>
1858	14	11	6,17

Observamos que os valores “normais” do ano anterior, é dicir, 1852 (pois se refire á colleita de 1851), ascenden considerabelmente no ano de 1853 (especialmente o millo, como nos advertía Barreiro Mallón para toda Galicia); pero aínda o farán máis nos anos sucesivos (os do cólera, 1854-55); descenden o ano de 1856, pero volven aumentar en 1857 que, como xa vimos, se volveu sufrir outra crise de subsistencias. Ao ano seguinte podemos dicir que xa pasou esta crise e se recuperan os prezos. O punto máximo, en que se duplican os valores con respecto ao ano 1852, é o ano 1855 para o millo e o centeo, mentres que o trigo o será máis tarde, en 1857.

### 8.2.2 Efectos demográficos

Como vimos no documento anterior, a xente morría, literalmente, de fame, de aí o nome como se coñeceu este ano 1853 e que xustifica o título deste traballo. E sen chegar a ese extremo, non cabe dúbida que a desnutrición provocou un aumento das enfermidades e, polo tanto, da mortalidade. Uns datos estatísticos reflectirannos o alcance da crise<sup>57</sup>:

O número de mortos ese ano foi de 145; 16 máis que a media dos 13 anos anteriores con datos, o cal supón un incremento do 11,6%. A taxa de mortalidade é de 39 ‰. A media dos once anos anteriores con datos é de 31,4 ‰; é dicir, viuse incrementada ese ano nun 7,6 %.

54. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 19-V-1855.

55. Ver o capítulo das crises agrarias de Sánchez Albornoz e Barreiro Mallón. Para unha estatística máis completa, ver: RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., “Comportamiento demográfico y enfermedad. Contribución a un modelo gallego para mediados del siglo XIX”, en: *Crisis agrarias, ...*; p. 177 y 178.

56. Datos tomados do AMP, caixas 396 e 397, fonte citada, Sesións dos meses de xuño correspondentes aos devanditos anos.

57. Ver: VÁZQUEZ ARIAS, J. C., op. cit., p. 330-345. Os anos aos que se refiren as medias "con datos" son os que aparecen nas táboas estatísticas dese traballo.

En canto á taxa de mortalidade infantil, é de 176 ‰, un 15% máis que a media dos 6 anos anteriores con datos (161 ‰).

Os nacementos tamén acusan o golpe: son só 74, o cal supón o mínimo do século, menos da metade da media dos trece anos anteriores con datos, que foi de 154 por ano. A taxa de natalidade reduciuse a un 19,7 ‰, sendo a media dos once anos anteriores dun 36,7 %: un 17 % máis!

O crecemento natural ou vexetativo para este ano dános, pois, -1,93 %, o máis baixo do século (só superado polos anos seguintes, do cólera) e supón un 2,45 % menos que a media dos once anos anteriores, que era dun 0,52 %. É dicir, Pontedeume perdeu ese ano case un 2 % de poboación, producíndose o dobre número de falecidos que o de nacementos (145 / 72), algo realmente excepcional.

Os matrimonios tamén escasearon: só se produciron 12 enlaces en todo o concello, fronte a unha media en todo o século (dos anos con datos) de 30. Na vila casaron ese ano tres parellas, mentres que a media foi de 11. O índice de nupcialidade, polo tanto, reduciuse á metade: só un 3,2 ‰ fronte a unha media de 6,5 ‰ dos once anos anteriores, o que supón o menor de todo o século XIX; peor comportamento mesmo que os dous anos seguintes do cólera (nos que se consumarían as vodas aprazadas aquel ano).

Se tomamos como base 100 a media dos anos 1835-1852, obtemos que en 1853 os nacementos se viron diminuídos nun 48,5%, as vodas nun 43%, as defuncións incrementadas nun 110% e a poboación (segundo os datos censais) reduciuse a un 90,4%.

Rodríguez Galdo mediu a crise demográfica achando o nivel de mortalidade, aplicando a fórmula de Dupâquier para a caracterización dunha crise sobre oito bisbarras costeiras de Galicia. A das Mariñas comprende as rías de Ferrol e de Pontedeume, e bota un resultado para 1853 dunha crise de magnitude 1, *menor* (índices entre 1,25 e 2). Os dous anos seguintes, 1854 e 1855, presentarán magnitudes de tipo 3, *forte* (índices entre 4 e 8) debido ao cólera<sup>58</sup>.

Comparados estes datos co total das oito bisbarras litorais galegas, estas ofrecen o seguinte resultado:

**1853: 1, menor**

1854: 4, *maior* (índices entre 8 e 16)

1855: 2, *media* (índices entre 2 e 4)

Así mesmo, Rodríguez Galdo calcula o peso relativo da mortalidade causada pola crise en relación á mortalidade considerada “normal”, na chamada *sobremortalidade total*:

58. Fórmula de Dupâquier:  $I_t = D_t - x / s$ . Sendo: D = nº defuncións / ano t; x = media; s = desviación típica dos 16 anos básicos, oito anteriores (1845-1852) e oito posteriores (1857-64). Ver RODRÍGUEZ GALDO, op. cit., p. 54-57.

**Coefficiente de sobremortalidade (x veces a mortalidade normal):**

ANOS	MARIÑAS	TOTAL
1853	1,22	1,21
1854	1,97	1,90
1855	1,72	1,33

Vemos que o comportamento desta bisbarra, e polo tanto de Pontedeume, é similar no ano de 1853 ao do resto da mostra estudada, é dicir, a costa galega. Temos, polo tanto, unha mortalidade superior ao 20% máis do normal, ou o que é o mesmo, unha quinta parte máis<sup>59</sup>.

**8.2.3 Fame e enfermidade**

Ademais da citada epidemia de cólera de 1854-55 (obxecto dun ulterior estudio), a vella sentenza de “post famen pestis” cumprese case inexorablemente. A debilidade dos corpos mal alimentados xúntase co amoreamento e a inadecuación das infraestruturas nos albergues que vilas e cidades improvisan para acoller a multitude de famélicos que as invaden (como vimos en Ferrol e Betanzos), o cal agrava o problema tanto para os devanditos colectivos entre si como, a través deles, para os urbanos hospitalarios e induce outros, maiores, derivados dela.

O tipo de fame constatada, que incide de forma aguda durante os seis primeiros meses de 1853 e subaguda até finais de 1855, definirá un cadro de *hipoalimentación*<sup>60</sup> caracterizado por unha dieta cuantitativamente mínima, de baixa calidade, suplementada polo consumo de elementos impropios tanto pola súa difícil ou imposible dixestión como polo seu nulo valor nutritivo<sup>61</sup>. Aparecerá, entón, unha grave patoloxía gastro-intestinal cuxa morbi-mortalidade propia resulta difícil precisar<sup>62</sup>.

O AMP contén uns rexistros proporcionados polos párrocos de cada parroquia correspondentes ao período de 1835 a 1870 nos que constan os falecementos e as causas de defunción. Dos correspondentes ao ano 1853, chaman a atención varios deles polos seguintes motivos:

- A abundancia, sobre todo entre os defuntos de máis de 60 anos, do diagnóstico *anasarca*, que é unha enfermidade en ocasións producida por unha mala nutrición.
- Dúas causas de morte que rezan literalmente: *Fame e Miseria*.

59. RODRÍGUEZ GALDO, M. X., op. cit., p. 58 e 59. Tamén estuda a desviación da tendencia dos matrimonios e os bautismos, durante os anos 1853 até 1859, para as bisbarras mencionadas, nos que se acusa o descenso que xa vimos só para Pontedeume.

60. MASSEYEFF, R., *A fame*, p. 21-31, E.U.D.E.B.A., citado en: CARRO OUTEIRO, J. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C., “A epidemia de “tifo”, de 1853, en Betanzos”, en: *Anuario Brigantino*, nº 12, 1989, p.131.

61. “*La falta de alimentos ha obligado a algunos a comer ortigas, malvas, gromos de silva y otras yerbas cocidas sin grasa y sin sal, bebiendo el agua de ellas en vez de caldo Muchos han molido los carozos del maíz cuando los hallan a las manos y condimentados con agua sola los han comido (...). Sólo cogieron maíz para un mes y éste lo comieron pisado y podrido*”: Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, L. 482-485, Boletín Oficial da Provincia da Coruña, 1853, citado en: BARREIRO MALLÓN, B., op. cit., p. 232.

62. CARRO OUTEIRO, J. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C., op. cit., p. 29-131.

- Sete casos de febre gástrica que poderían ocultar unhas febres tifoides, típica enfermidade de época de calamidade e pobreza<sup>63</sup>.

## 9. ORGANIZACIÓN SANITARIA E DE BENEFICENCIA

### 9.1 Organización da Sanidade

Co fin de paliar a situación (pois solucionar era imposible, tanto polos medios dispoñíbeis coma polas causas últimas do problema, de tipo socioeconómico, que xa vimos) as autoridades intentaron pñer en marcha unha serie de medidas en distintos niveis. E cando dicimos autoridades referímonos fundamentalmente ás de tipo local, dada a precariedade do Estado en materia asistencial, xa sexa médica, económica, de aloxamentos, ..., durante o século XIX.

Será o Concello de Pontedeume (e podemos xeneralizar o mesmo para todo o país) quen cargue coa pesada tarefa de axudar á poboación necesitada, solicitando apoios económicos a niveis superiores que, como veremos, non sempre serán oídos.

Primeiramente, imponse a avaliación da situación, para o cal a Xunta Municipal de Beneficencia: *“procedió a fijar la proporción que la necesidad y miseria guarda entre los ocho pueblos o parroquias de que se compone este Distrito municipal, y después de maduro examen, atendiendo al conocimiento y noticias que tienen del respectivo vecindario de cada uno, su n° de necesitados, pérdida de cosecha y más circunstancias que deben tenerse a la vista, acordaron: verificarla y fijarla, como así hacen por el orden siguiente:*

PARROQUIAS	PARTES DO 10
Andrade	1/2
Centroña	1
Boebre	1
Breamo	1 1/2
Hombre	1 1/2
Nogueirosa	1/2
Pontedeume	3
Vilar	1
TOTAL	10

Puentedeume, 10 de xullo de 1853<sup>64</sup>

63. Ver: VÁZQUEZ ARIAS, J. C., “Epidemiología histórica de Pontedeume”, en *Cátedra*, nº 14, 2007. En 1855, ademais do cólera, haberá un andazo de febres tifoides que acabará con 28 vidas en Pontedeume, segundo o AMP. Este mesmo ano de 1853, acompañará á fame en Betanzos unha epidemia similar, que matou un número indeterminado de persoas, pero moito máis importante. Ver: CARRO OTERO, J., e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C., op. cit., p. 129-144. Ver, tamén o apartado *Axuda a Galicia*.

64. AMP, Caixa 283, f. c.

Deste xeito, observamos cales foron as parroquias do concello máis perxudicadas pola crise, entre as que destaca, polo seu maior peso demográfico, a vila, xunto coas de Breamo e Ombre; no extremo contrario, de menos afectadas, están as de Andrade e Nogueirosa.

(Podemos especular as causas, relacionándoas coa diferente importancia do viñado, orixe principal da ruína, pero o certo é que carecemos de datos sobre o uso agrario de cada zona).

Volvamos ao labor da beneficencia municipal, a cal se encargará de:

- a) Organizar a asistencia médica, gratuita para os abundantes pobres, e as visitas domiciliarias.
- b) Demandar axuda económica aos particulares adañeirados, tanto para os fins anteriores, coma para entregar diñeiro e sementes aos labradores, para saír da crise.
- c) Pedir auxilios ao Goberno, e ao mesmo tempo, a rebaixa ou demora no pagamento das contribucións que, como cabeza de distrito, tiña que facer fronte.

### 9.1.1 Asistencia médica

Regulada pola Lei de Beneficencia e Sanidade de 1849, cada cabeceira de bisbarra organizaba unha Xunta de Sanidade de Distrito Municipal, constituída por un presidente (o alcalde), un subdelegado de medicina (o médico titular municipal), un subdelegado de farmacia (o farmacéutico), un sacerdote (o párroco) e outros (médicos ou veciños de reputación)<sup>65</sup>.

Esta xunta atenderá a asistencia sanitaria e será o único con que conten os enfermos de Pontedeume que non poidan pagarse un médico particular ou o desprazamento a outros lugares; é dicir, case todos, e máis nesta época.

En canto á hospitalidade domiciliaria, tamén regulada por aquela lei de 1849, consistirá en dar asistencia médica e material aos enfermos pobres, nas súas propias casas, evitando a hospitalización polo risco de contaxios (era o temor xeneralizado, as pestes, que se vería fundado, polo que sucedeu o ano seguinte). Estarán baixo a inspección directa das Xuntas Parroquiais de Beneficencia e dos facultativos dos barrios ou parroquias. Tamén lles proporcionaban comida cando o médico así o prescribía, así como medicinas das boticas do pobo.

### 9.1.2 Persoal médico e farmacéutico

Atendían o sinalado anteriormente e por iso cobraban dos fondos públicos mediante un contrato co Concello. O AMP conserva os expedientes para o nomeamento dos médicos<sup>66</sup>, e data o primeiro do ano 1852, data oportuna para os problemas que se aveciñaban. Di así:

65. Por estas datas debía estar vivente a que aparece no Expediente para a formación da Xunta de Sanidade deste partido de Pontedeume: "Presidente: Sr. Alcalde: D. Andrés M. Moreiras; Vogais: Profesores de Medicina: D. Ramón Capriles, médico, Subdelegado de la Junta de Sanidad; D. Juan Sueyro e Vicente Ricoy (cirurxián romancista); Vocal de Farmacia: Sueyro" (e dous facendados máis). AMP, Caixa 285, Expedientes diversos da Xunta de Beneficencia e Sanidade. Sesión do 23 de marzo de 1847.

66. AMP, Caixa 214, Expedientes do persoal médico-farmacéutico, Sesións de marzo de 1852.



*“D. Juan José Lores, Secretario del Ayuntamiento de la Villa de Pontedeume: Certifico que en Sesión de hoy (...) se acordó entre otras cosas lo siguiente: El Procurador Síndico Señor Portal propuso a la Corporación la necesidad que hay en el pueblo de crear una plaza de Médico y otra de Cirujano dotada de los fondos del común, para que asistan a los pobres enfermos y residan continuamente en él; y se acordó se redacte un proyecto de Reglamento relativamente a las obligaciones que deban observar dichos facultativos, sueldo que han de disfrutar, fondos que han de cubrirlo y método de provisión: (...) en Pontedeume a veinte de febrero de mil ochocientos cincuenta y dos.”*

Na seguinte sesión, do 4 de marzo do mesmo ano, repítese o que estes doutores “*asistiesen a los enfermos en sus dolencias, tarifándoles sus derechos con respecto a la clase pudiente y gratuitamente a los pobres.*” (...) Nomeada unha comisión para o efecto, esta propón os seguintes honorarios: “*Siendo dotados el Médico con nueve reales y el Cirujano con seis, diarios, sin poder exigir el primero más derechos por razón de visita que dos reales, y el segundo, uno y medio, sin distinción de hora, y con exclusión de pobres, a cuya clase propende la Comisión*”.

A citada comisión establece, pois, un ditame que se somete a discusión do Pleno municipal en sesión de 14 do mesmo mes, habendo algún voto en contra como o do propio alcalde, que se opón á creación das ditas prazas “*por contemplarlas hoy estemporáneas, en atención a que hay más de veinte años se hallan sin provistar, dejándose de hacerlo en épocas en que hubiera sido muy oportuno a causa de carecerse en la Villa de Facultativos; pero que en la actualidad que existen tres y a sus inmediaciones otros tres, todos con vecindad fija y arraigo<sup>67</sup>, cree superflua dicha provisión y presume sería muy acertado aguardar un tiempo más feliz en que el Partido no se hallase, como se halla, tan agobiado de cargas y tan pobre como desgraciadamente se encuentra<sup>68</sup>.* (...) “*Procedida la votación, se acordó por mayoría que se creen las dos plazas que propone la Comisión por el término de cuatro años con las dotaciones y retribuciones que la misma señala, (...) y que desde ahora se nombra por facultativos al Licenciado D. Francisco Ramón Capriles, médico, vecino de esta Villa, y a D. Juan Antonio Barros, cirujano que lo es de S<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. de Miño, como sugetos ambos de ciencia en sus respectivas facultades, de conducta ejemplar, de confianza del Ayuntamiento y aceptación del Pueblo: uno y otro bajo la superior aprobación del Sr. Gobernador de la Provincia, a quien se remite copia literal de esta acta*”.

Non obstante, esta boa intención non chegará a se converter en realidade, polo menos de momento, porque o Gobernador anula os citados nomeamentos por defecto de forma nestes, e así

67. Un concelleiro replica a este argumento do alcalde, dicindo que “*aún cuando existen avecindados en este pueblo tres facultativos, como no se hallan contratados con el pueblo y su Distrito, marchan a buscar su vida a distintos puntos, quedando éste sin alguno, cuya falta origina perjuicios de consideración en auxilio de la humanidad doliente de dicho Distrito.*” (...) E pon dous exemplos, un deles o de “*una parturienta aquí en el pueblo fallecida sin aquel auxilio por la ausencia de los citados funcionarios*”. AMP, Caixa 214, fonte citada, Sesión de 27 de marzo de 1852.

68. Pontedeume era cabeza de partido xudicial e como tal tiña que facer fronte ao *encabezamento* ou imposto do distrito, o cal era difícil de conseguir naqueles tempos de penuria económica, como temos visto nos primeiros capítulos.

comunicállo ao Concello de Pontedeume por carta o 14 de xuño de 1852, quedando o pobo e todo o distrito sen tan necesario servizo, máis tendo en conta a miseria que agardaba ese mesmo ano.

E peor irán as cousas cando en 1854 chegue a citada epidemia de cólera. As autoridades municipais, alleas á súa proximidade, e debido á penuria económica, impiden unha dotación médica maior (e que en setembro dese ano se fará tan necesaria). Así, nunha reunión do Concello no mes de maio,

*“(…) Convocados también (...) a veinte y cuatro mayores contribuyentes, (...) tan solamente concurren la mitad. Y estando así todos reunidos, yo el secretario les leí la circular del Sr. Gobernador de veinte del corriente (...) cuyo cumplimiento allí se previene relativo a dividir el Distrito en partidos médicos, quirúrgicos y farmacéuticos, retribución que debe satisfacerse a los profesores, clase de esta y cantidad con que debe contribuir cada pueblo; y después de discutido el asunto (se acordó) que este distrito debía componer un solo Partido (...); pero considerando que el presupuesto municipal se halla tan recargado que hubo ya que eliminar de el varias atenciones de absoluta necesidad por no alcanzar los ingresos a cubrir las; considerando la miseria y pobreza de los domiciliarios, que emigran a montones a buscar alimento, sin que les sea ya posible pagar las contribuciones ordinarias; Considerando que imponerles otra nueva para las dotaciones de los médicos, cirujanos y farmacéuticos sería engañar a estos, pues no llegarían a cobrarlas (...); y considerando en fin que en este pueblo hay dos médicos y dos cirujanos arraigados en el con casa, bienes y familia muy bastantes para abastecer a sus convecinos en las enfermedades que les pueden obvenir, se abstienen en por ahora de hacer la calificación que se previene y suplican se dege en suspenso la egecución de la Circular citada hasta que en tiempos más felices, si la Divina Providencia lo concede, se pueda poner en práctica”<sup>69</sup>.*

## 9.2 Axuda económica aos necesitados

A mesma lei de 1849 regula tamén a Xunta Municipal de Beneficencia, a cal dependía da Xunta Provincial, e esta, á súa vez, da Xunta Xeneral de Beneficencia de Madrid. A súa composición é similar á Xunta Municipal de Sanidade e divídese en diversas xuntas parroquiais.

Debido á inexistencia, como xa vimos, dunha cobertura de seguridade social estatal, os concellos deberán afrontar a asistencia a esta poboación sen recursos, pero atópanse coa falta de medios para iso. Terán que buscalos como poidan e unha forma será pedirlllo a xente rica e importante, apelando ao concepto de caridade da época (moi afastado ao de xustiza social), para pode socorrer a os veciños necesitados. Así, podemos atopar nos citados expedientes a seguinte carta, modelo común que se enviou a varios persoeiros locais, e que reproducimos, malia a súa extensión,

69. AMP, Caixa 397, Libros de actas capitulares ou do pleno (1853-1859), Sesión de 30 de maio de 1854.

por considerala un exemplo perfecto do case vasalaxe que seguía imperando. Nunha España teoricamente liberal, na Galicia rural aínda se mantiñan rancias formas de servilismo:

*“Constituyendo los que suscriben por disposición de la Excma. Diputación de la provincia en Junta de Beneficencia de este partido con el fin de habilitar los recursos necesarios para atajar en cuanto sea posible los males consiguientes a la grande miseria que se experimenta y acudir a la vez al socorro de los necesitados, han considerado como uno de los medios más a propósito para conseguir aquel objeto el dirigirme a las personas que por su fortuna, posición, filantropía y patriotismo, tienen mayor facilidad y consideran mejor deseo de alibiar a los menesterosos, haciendo menos sensible la desgracia presente y evitando sus terribles consecuencias. (...) Hasta donde pueden llegar los horrores de la miseria si por falta de socorro se consiente que las tierras queden en su mayor parte incultas como está sucediendo de no haber semillas. Nadie que se precie de buen gallego puede tolerar la ruina de Galicia cuya riqueza es casi totalmente agrícola. Nadie en fin puede contemplar impasible la muerte de sus semejantes por falta de alimento. Si pues todos estos males son desgraciadamente efectivos, a nadie tampoco corresponde más inmediata y directamente su alivio que aquellas personas que por su arraigo en el país pueden sin amenguar sus fortunas desacerse de alguna cantidad ya sea en fruto o ya sea en dinero, contribuyendo por este medio al socorro de la necesidad pública y evitando las calamidades sucesivas que tan de temer son y que a todos alcanzarían seguramente”<sup>70</sup>.*

*Persuadida es la Junta de que V.E., cuya filantropía y generosidad se complace en reconocer, participa como buen patricio de los mismos sentimientos que a ella le animan, no ha titubeado en acudir a V.E. rogándole se sirva contribuir por su parte al socorro de tan apremiante necesidad, facilitando al efecto la cantidad de dinero o fruto que tenga por conveniente, aunque en esta última especie sería más apreciable porque también es mayor su escasez.*

*Con este motivo tienen el gusto los que suscriben de ofrecer sus respetos a la distinguida consideración de V.E.*

*Dios guarde. Puentedeume, abril, 23 de 1853.*

Destinatarios desta misiva foron os seguintes próceres, todos eles absentistas (grandes propietarios do partido con residencia habitual fóra del) donos das terras dos labradores locais<sup>71</sup>:

70. Refírese ao temor xeneralizado a unha epidemia, que non tardaría en facerse realidade no cólera de 1854-55.

71. Esta inxusta situación non pasaba, por outra parte, inadvertida para a poboación contemporánea, como podemos ver nunhas *“Observaciones sobre la riqueza del partido judicial de Puentedeume” que acompañan ó censo municipal de 1835: “Este partido, si en él hubiere más propietarios que se dedicasen al fomento de la agricultura, se podría hacer mucho más feraz y productivo (...). Pero por desgracia, los labradores son unos meros colonos o enfiteutas de varias corporaciones religiosas y otros hacendados legos, y no les queda ni la tercia parte de lo que recogen con tanto sudor y afán.”* AMP, Caixa 83, fonte citada. Censo de poboación do distrito de Pontedeume, 13 de marzo de 1835. Ver os primeiros capítulos dedicados á situación socioeconómica de Galicia.

- Excmo. Sr. Duque de Berwich e Alba. Madrid.
- Excmo. Sr. Conde de Vigo. Madrid.
- Excmo. Sr. D. Vicente Vázquez Queipo. Madrid.
- Excmo. Sr. D. Eugenio de Abella. Ferrol.

As reaccións destes grandes propietarios son similares: mostra de preocupación, e até afliximento, pola situación do pobo (polo que senten gran vinculación), disposición de axuda, outorgamento dunha cantidade en diñeiro ou en especie, especialmente aos seus colonos. Máis alá da sinceridade ou non destes sentimentos (expresados no estilo rimbombante do século), ou mesmo da maior ou menor axuda dispensada (nun caso, o de Alba, ínfima), estes documentos ilustran a relación case señorial mencionada, e ao mesmo tempo, o baleiro que o Estado ou as institucións públicas ofrecen. O concello será un intermediario esmoleiro entre os facendados e o pobo<sup>72</sup>.

Vexamos como contestan os aludidos ás demandas municipais:

#### **Duque de Alba:**

*“Recibida la atenta comunicación de V.S.S. del 23 del pasado, y sin embargo de que para el mismo objeto que les motiva tengo concedidos repetidos auxilios a diferentes parroquias en que poseo algunos bienes en ese país, habiéndome últimamente suscrito en esta Congregación Nacional de Santiago Apóstol por la cantidad de 2.000 reales, prevengo con estas fechas a mi administrador en esa villa y vocal de esa Junta, D. Francisco de la Paz, entregue a la misma 200 reales de vellón como una prueba de mi deseo en concurrir especialmente al socorro de las necesidades de ese partido.*

*Dios g. a V. S. S. m. a., Madrid, a 20 de mayo de 1853. Fdo: Duque de Berwich y Alba, Conde de Lemos.”*<sup>73</sup>

#### **Conde de Vigo:**<sup>74</sup>

*“Sr. Alcalde constitucional Presidente de la Junta de Beneficencia de Puentedeume:*

72. O propio Concello dirá nun pleno: *“Los más acomodados miran con lágrimas en los ojos y traspasado el corazón de dolor por esta fatal desgracia, sin que puedan remediara en su totalidad, ya por ser muchos los necesitados, ya por haber ellos perdido también sus cosechas y ya porque por la misma razón no pueden cobrar sus rentas y pensiones”*. AMP, Caixa 397, fonte citada. Sesión de 14 de marzo de 1853.

73. A casa de Alba, como é coñecido, destaca hoxe en día por ser a de maior avoengo e riqueza de España. Como herdeiros dos Andrade e os Lemos, tiveron durante moito tempo, e até 1835, o patrocinio de Pontedeume e dereito a nomear os seus rexedores municipais. Tamén, tiñan o padroado da igrexa de Santiago e elixían ao seu párroco, amén doutros privilexios honoríficos. Os “bienes” aos que se refire o texto, que posuía en Pontedeume, non debían de ser moi distintos ás propiedades que se mencionan a mediados do século XVIII e que son as seguintes: “dos hornos en el Alcaicer, cuyos alquileres rentaban 952 reales de vellón; nueve casas aforadas, que suponían 328 reales de renta: siete de ellas en las inmediaciones de la Plaza del Conde, una en la Plaza Mayor y otra en la Marina. A ello hay que añadir la Casa-Palacio con la huerta y el Estanco, casa en el extremo de la calle Riberamar.” Ver: CASTRO ALVAREZ, C. DE, *Calles, Plazas y jardines de Pontedeume: denominación, actividad y morfología del espacio público (1270-1970)*, 2007. Por todo isto, chama a atención a doazón deses exiguos 200 reais., que non darían para comprar 12 ferrados de millo ao prezo dese ano (ver *Fe de valores de cereais*, da páxina 15). Aínda así, o Concello contéstalle agradecido o 18 de xuño dese ano, constando incluso no B.O.P. AMP, Caixa 28, fonte citada..

74. O título vén dado pola reconquista da cidade de Vigo que fixo o primeiro conde, D. Joaquín Tenreiro Montenegro, durante a Guerra de Independencia. Habitaba o pazo de San Paio de Bañobre, en Miño, hoxe dedicado a escola-fogar.

*Abundando en los sentimientos filantrópicos y humanitarios de esa respetable Corporación y anticipándome a sus prístinos deseos, hace ya bastante tiempo que he dado las órdenes convenientes a mi apoderado general D. Ramón Antonio García para que no solo socorriese con los auxilios necesarios a mis colonos verdaderamente necesitados, sino que les faciliten los granos que sean precisos para la siembra hasta donde mis facultades lo permita; pareciéndome muy justo y natural, darles la preferencia entre tantos desgraciados”<sup>75</sup>.*

**Vicente Vázquez de Queipo:**

*“Sr. Presidente y Vocales de la Junta de Caridad de Puentedeume: He recibido el oficio de V.V. su fecha 23 del actual en el que después de manifestarme la dolorosa situación en que se encuentra ese pueblo por la desgracia que hoy pesa sobre todas las provincias de Galicia, se sirven excitar mi celo para como uno de los primeros propietarios de su distrito, contribuya con lo que me sea dable al alivio de infortunados labradores. No me es desconocida, como V.V. pueden suponer la crítica situación de Galicia, y aunque como gallego tengo un deber general con todo el país, es indudable que éste es mayor para con mis vecinos, y los colonos de quienes cobro renta. Así es que sin dejar de contribuir en lo que me fue posible a la suscripción de Santiago y otras capitales de ese antiguo reino, consagraré sumas de consideración a los pobres del pueblo de mi nacimiento y otros en que mi casa posee sus principales bienes. Por otras razones no podía olvidar tampoco a los de ese partido donde cobro rentas de consideración; y así es que anticipándome a los deseos de V.V. di orden a mi apoderado general el Sr. D. José Arián Uriá de Betanzos, para que del producto de mis rentas socorriese, como lo crea conveniente, a los pobres de ese partido, con especialidad a los que me pagan renta, sea perdonándoles el todo o parte de ésta<sup>76</sup>, sea facilitándoles en su día semillas para sembrar; sea, en fin, dándoles en dinero o en especie a los más necesitados lo que estime conveniente, teniendo en cuenta lo que de común acuerdo hagan los principales hacendados. Madrid, a 29 de abril de 1853.”*

Pouco despois, recíbese outra carta que di así:

*“El Excmo. Sr. D. Vicente Vázquez Queipo, con fecha de 29 de abril último dice a esta Junta desde Madrid lo que tengo el honor de trasladar a V.S., (...) rogándoles se sirvan remitir a esa Junta cien ferrados de maíz y 10 de habas rojas, y la cantidad que tenga a bien y esté en armonía con las generosas intenciones del Sr.*

75. Ademais de non concretar unha cantidade determinada, obsérvase que a axuda se limita aos seus colonos, co que, en realidade, está investindo nas súas propiedades, pois de non haber esas sementes, tampouco poderá haber seguintes colleitas e polo tanto non poderá cobrar as rendas que lle pertencen, que parece ser o obxectivo de tal filantropía. AMP, Caixa 285, fonte citada.

76. Como vimos no caso anterior, os propietarios convertían a necesidade en virtude, pois a imposibilidade de pagar as rendas por parte dos seus colonos arruinados era perdoada por aqueles, aceptando o inevitábel e quedando ben.

*Queipo, para así ayuda de la siembra de sus terrenos y de los más habitantes de este misero paraje (...).*

*Puentedeume, mayo, 6 de 1853*<sup>77</sup>.

#### **D. Eugenio de Abella:**

*“Sres. de la Junta auxiliar de Beneficencia del Partido de Puentedeume.*

*Muy Sres. míos: si el hombre bien intencionado siente una verdadera satisfacción siempre que se halla en disposición de ser útil a sus semejantes, en la ocasión presente en que los rigores del hambre tienen en un terrible conflicto a este desgraciado país, sobre la satisfacción viene el deber, y nadie puede negarse a reparar, según su posibilidad, los desastrosos efectos que llevamos deplorando hace algunos meses.*

*Esa celosa Junta (...) al interpretar mis sentimientos me ha hecho justicia. Antes de ahora he influido cuanto estuvo a mi alcance para que empezándose por ese Distrito las obras de la Carretera de Betanzos tuviesen ocupación algunos centenares de infelices*<sup>78</sup>.

*Hoy tengo el gusto de enviar a V. cien ferrados de maíz, porque considero que este fruto será más apetecible que el pecunio, para repartir entre los necesitados (...).*

*Ferrol, 26 de abril de 1853*<sup>79</sup>.

Esta é a axuda dos grandes propietarios. En canto aos *medianos*, poderíamos así dicir, a crise tamén lles alcanzou a eles ou, polo menos, non están en condicións de poder colaborar. Isto é o que se desprende dunha carta dos párrocos do distrito na que contestan á rogativa oficial de auxiliar economicamente aos seus veciños máis necesitados. Din que “*en todas las parroquias no hay quien pueda ejercer la caridad, al contrario, reina la miseria por doquier*”.

Máis alá destas xeneralizacións catastrofistas, esta carta pódenos servir tamén para intentar unha aproximación estatística para saber a cantas persoas afectou a crise, sabendo o arriscado que é o proposto e a limitación das fontes (faltan as parroquias de Vilar e Breamo). A vila, ao non ter labradores, non se inclúe na lista. O testemuño di así:

*“En la Rectoral de Villar, a 14 de marzo de 1853, reunidos con el cura párroco que suscribe (...) establecida la Comisión parroquial de Beneficencia prevenida por circular del Sr. Jefe de la provincia y con arreglo al Oficio del Presidente de la Junta de Beneficencia, el Alcalde D. Andrés M. Moreiras, se acordó proceder acto continuo a la formación del Padrón de Necesitados y acreedores del Socorro prevenido en la disposición décima de dicha Circular, cuyo padrón es el siguiente: (...)*

77. Só estes 100 ferrados de millo equivalerían a 1.700 reais, unha cantidade moi superior ao achegado polo duque de Alba, como vimos. AMP, Caixa 285, fonte citada.

78. Abella foi, ademais de gran propietario, deputado a Cortes polo Partido de Ferrol, dende onde impulsou a construción da citada estrada, que se realizou entre 1851 e 1856. Ver DE CASTRO, C., “Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de su historia”, en *Revista Cátedra*, nº 8, 2001, p. 41. O “fomento de obras públicas” era (e é) unha solución moi demanda en épocas de crise, como xa vimos en Ferrol (p. 12).

79. AMP, Caixa 285, fonte citada.

*Ayuntamiento de Puentedeume:*

*\*Parroquia de S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Centroña:*

*-Pobres de solemnidad: 27 (8 familias)*

*-Pobres de solemnidad que pueden trabajar: 74 (21 familias)*

*<En esta parroquia no hay persona pudiente que pueda prestar recursos para subenir a la pública necesidad, pues los más no cogen fruto para la mitad del año.>*

*\*Parroquia de S. Cosme de Nogueirosa:*

*-Pobres de solemnidad: 19.*

*-Pobres de solemnidad que podrían ganar un jornal: 9.*

*<En esta parroquia no hay vecinos que puedan ofrecer cantidades en metálico porque apenas hay seis que les llegue el fruto de la cosecha para el año.>*

*\*Parroquia de S. Martín de Andrade:*

*-Pobres mendicantes: 58 (25 familias)*

*\*Parroquia de Santiago de Boebre:*

*-Pobres por falta de cosecha: 35.*

*<Vista la pobreza de esta parroquia que cuasi todos se hallan en la mayor indigencia, no podemos proporcionar medio alguno.>*

*\*S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Hombre:*

*-Pobres: 97.<sup>80</sup>*

*-Cita a algunos vecinos caritativos que mantienen a los pobres, aunque no puede suministrar más <por la escasez>.”*

PARROQUIA	Pobres mendicantes	Pobres útiles	TOTAL	Familias	Veciños <sup>81</sup>	%	Habitantes	%
Centroña	27	74	101	29	71	41	238	42
Nogueirosa	19	9	28	-	115	-	415	7
Andrade	58	-	58	25	71	35	187	31
Boebre	35	-	35	-	56	-	231	24
Ombre	97	-	97	-	89	-	386	25
TODAS	236	83	319	54	473	11	1.457	22

Tomando con todas as reservas esta información, tira un resultado dun 22% de poboación rural empobrecida literalmente. O resto, segundo estes informes dos párrocos, aínda que non cae-

80. Hai, non obstante, unha “Razón dos pobres” do cura de Ombre que eleva até 107 o número de pobres. AMP, Caixa 283, f. c., 10-VII-1853.

81. Non é posíbel facer unha correspondencia: Familias = Veciños; sirva só como referencia. O tanto por cento resultante é parcial, ao faltar datos de dúas parroquias. Os censos están sacados de VÁZQUEZ ARIAS, J.C., op. cit., p. 322.

sen en tan dramático estado, acusaban o golpe até o punto de non poder axudar (aceptando a sinceridade destas fontes...). Case ninguén permaneceu alleo ao sucedido<sup>82</sup>.

### 9.3 Axuda (?) do Estado

E que facía o Goberno? podémoso preguntar hoxe. Pero no século XIX, o estado liberal (e as arcas públicas) estaba moi lonxe do “*Estado do Benestar*” do século XX<sup>83</sup>. Digamos que presentaba dúas caras: Por unha parte, enviaba algunhas axudas, sobre todo en millo (o máis necesario, como xa sabemos); pero por outra, esixía a puntual recadación dos impostos aínda en tempos de calamidade. É dicir, de xeito completamente descoordinado, o Estado daba cunha man, e coa outra, quitaba. Vexamos con detalle esta contradición:

#### 9.3.1 Achegas gubernativas

Das dúas caras da actuación das autoridades provinciais, vexamos primeiro a positiva. Pero antes da axuda, os concellos fan ver as necesidades, mediante a seguinte petición:

*“El Sr. Alcalde (de Pontedeume) hizo presente a la Corporación la circular de la Excma. Diputación provincial (...) por la que se sirve pedir varias noticias a cerca del monto de ferrados de fruto y otras semillas que se precisen en este distrito para la siembra de sus tierras y abastecer a su vecindario, incluso aquellos que se destinan al socorro de la indigencia. (...) Enterado el Ayuntamiento, le hizo saber que de los dos mil quinientos quintales de patatas y siete mil ferrados de maíz que se calculan precisos para la subsistencia del vecindario, no cabe duda que se despacharán incontinenti que se reciban; pero hay que anotar que de aquellos, mil quinientos quintales de patatas y cuatro mil doscientos ferrados de maíz, se calculan para indigentes y pobres de solemnidad que no pueden pagarlo al contado ni a ningún plazo, sino que hay que dárselo de caridad sin esperar devolución”<sup>84</sup>.*

O Gobernador proporcionará esa axuda. Podemos confeccionar un cadro cos datos que posuímos das comunicacións entre Goberno provincial e Concello, conservándose os recibíns dos concellos receptores da mesma. É o seguinte:

82. Da mesma data é un “*Repartimento individual que a Comisión municipal de Beneficencia fai entre os pobres, de 182 ferrados de maíz que a Xunta auxiliar de Pontedeume sinalou ao distrito da Capela*”. Son distribuídos entre 182 veciños, a un ferrado por veciño, polo tanto. AMP, Caixa 283, f. c., 14-III-1853.

83. Xa mencionamos a axuda que unha institución como é a Igrexa proporcionou nesta circunstancia, substituíndo ao Estado insuficiente. Así, constan unhas “*Relaciones generales de pobres socorridos y de la distribución de maíz y patatas(...)*” “*Nota de las cantidades que hasta la fecha de hoy ha distribuido la Comisión auxiliar de Socorros de esta provincia entre sus partidos judiciales: (...)* -Pontedeume: 12.500 rs. (dun total de 142.500 rs.). (...) Coruña, 27 de maio de 1853”. Arcebispo de Santiago de Compostela. AHDS, sig. 3 (484), anos 1853-1854.

84. AMP, Caixa 397, op. cit., Sesión de 31 de marzo de 1853.



MESES 1853	CONCELLO DE PONTEDEUME		DISTRITO DE PONTEDEUME <sup>85</sup>	
	DIÑEIRO (reais)	MILLO (ferrados)	DIÑEIRO (reais)	MIÑO (ferrados)
Xuño	2.000	-	-	-
Xullo	-	94	12.000	782
Agosto	3.200 <sup>86</sup>	23,5 <sup>87</sup>	16.980 <sup>88</sup>	-
Setembro	3.500	-	30.864	-
Outubro	3.000	-	22.000	-
TOTAL	8.500	117,5	81.844	782

Este diñeiro, (81.844 reais), convertido en millo ao prezo do ferrado de xullo (15,5 reais) supón 5.280 ferrados. Non obstante, non foron estes os únicos meses en que houbo axudas, pois a Xunta Auxiliar de Beneficencia do Partido de Pontedeume afirma o seguinte: “*Dinero de intervención de dicha Junta de las Calamidades que se satisfacen de los fondos que existen en las mismas: Enumeración de gastos desde junio hasta noviembre por un importe total de 154.000 rs a los pobres, especialmente en maíz, entregadas a las autoridades de los ayuntamientos del distrito de Puentedeume*”<sup>89</sup>. (Esta cantidade serviría para comprar, a ese mesmo prezo, 9.935,5 ferrados de millo, que aínda que é máis do pedido polo Concello, foi concedido de xeito moi graduado).

O sistema de conversión de diñeiro a gran era o seguinte: a Autoridade concedía unha cantidade de diñeiro do *Fondo permanente de socorros* ou doutro sitio (o mes de outubro, por exemplo, pertencía a unha partida para uns camiños veciñais a realizar ese mes), fixándose un prezo tope por ferrado, que era o do mercado dese mes, obténdose uns ferrados mínimos. Sacábase a pública poxa, (o cal publicábase no B.O. P.), adxudicándose ao provedor que proporcionase o millo polo prezo máis baixo. Por exemplo, no mes de xullo, de 16 rs. pasouse a 15,5 por ferrado, o cal fixo que os 750 ferrados de partida se puidesen incrementar até eses 782.

Como a crise continúa durante o ano de 1854, as axudas sucederanse neste. Así, consta unha “*Nota del n° de ferrados de Maíz y habichuelas dadas en los pueblos del partido*”, os cales, por parroquias, suman a cantidade de 98 ¼ ferrados<sup>90</sup>.

85. Como xa se dixo, Pontedeume era cabeza dun distrito que comprendía outros oito concellos. Un exemplo de repartición témolo no correspondente ao mes de outubro, expresado en reais: Ares (1.500); Cabanas (2.000); Capela (2.000); Castro (Miño) (1.500); Fene (3.000); Monfero (3.000); Mugarbos (4.000); *Pontedeume* (3.000); e Vilarmaior, (2.000). Vemos que Pontedeume só recibe menos cantidade que Mugarbos, e está igualado con Fene, en razón das súas poboacións.

86. “*Partido Judicial de Puentedeume: Para caminos vecinales (50%): agosto próximo: 28.300 rs*”. B.O.P. da Coruña de 15-7-1853. Recórdese o dito no capítulo 4: Axuda a Galicia. 4.1. A resposta do Estado.

87. Aparece analizada a cantidade por parroquias: Andrade; 4,5 ferrados; Boebre; 9,5; Breamo; 12; Centroña; 9, 5; Ombre; 14; Nogueirosa; 4,5; Vilar; 9,5.

88. Inclúese unha nota que contabiliza a axuda para toda a provincia da Coruña: a cantidade de 700.000 reais.

89. AMP, Caixas 285 e 287, fontes citadas.

90. Os demais concellos do distrito tamén se verán favorecidos con diversas cantidades: Cabanas (60), A Capela (182), Vilarmaior (120), Fene (20), Castro (Miño) (10) e Monfero (342). AMP, Caixa 382, f. c. “*Estado do diñeiro e froito recibido desta xunta de beneficencia nos meses de xullo, agosto e setembro para repartir os pobres deste distrito*”. 12-VIII-1854.

### 9.3.2 Peticións de demora no pagamento das contribucións

As dificultades da Facenda do distrito non son novas. Xa nos anos corenta, en que a crise fixera acto de presenza, aínda que non en grao tan elevado, se solicitaba unha prórroga nos prazos<sup>91</sup>:

*“Comunicación de una instancia de varios vecinos de la villa por la que, enterados de que el Intendente de la Provincia ha dispuesto la cobranza del resto de la Contribución Industrial de 600 millones, solicitan que el Ayuntamiento se sirva demostrar a S.S. el decadente estado en que el pueblo se halla, y lo imposible que le es afrontarlo de una vez, y se acordó: se remita original al Sr. Intendente a fin de que en su visita y convencido de las razones que en esta instancia se alegan, se digne conceder la pequeña espera que solicitan (...) y se manifieste a S.S. que estos habitantes se hallan en la mayor indigencia, imposibilitados por consiguiente de solventarse de una vez de sus adeudos”<sup>92</sup>.*

Como xa vimos, o Concello de Pontedeume tiña que afrontar, como cabeza de distrito que era, o *encabezado*<sup>93</sup>, sendo fundamentais para iso, os ingresos chamados “consumos”, por gravar os produtos de primeira necesidade, e entre eles, xa o sabemos, os proporcionados polo comercio do viño<sup>94</sup>. Podemos imaxinar a penuria municipal ante o panorama que se pendía dende 1852. Así, a Casa do Concello, xa nese ano, pedirá de novo demoras no pagamento, argumentando así as súas reclamacións:

*“Considerando el Ayuntamiento, atendida la mucha escasez de la actual cosecha del vino, que sus derechos ordinarios no son capaces de cubrir ni con mucho en el año próximo de 1853 la couta por que el Distrito se halla encabezado por Consumos con la Hacienda pública ni menos los otros arriendos, siendo indispensable por lo mismo repartir entre sus vecinos cuyo medio es odioso e impracticable a la vez por la pobreza general del país que se aumentó de una manera asombrosa con la casi total pérdida de la cosecha de todos los frutos en el presente año (...)”<sup>95</sup>.*

Efectivamente, ao ano seguinte, a desgraza abataíase sobre o distrito, polo que a petición era unha pura necesidade:

*“Considerando que del estado general nace la imposibilidad de poder pagar las contribuciones impuestas en el presente año, sin que el Ayuntamiento le sea posi-*

91. Ver o capítulo 7, dedicado á crise dos anos corenta.

92. AMP, Caixa 396, fonte citada, Sesión de 4 de xaneiro de 1845.

93. O encabezamento xa o mencionamos varias veces, é un réxime de concerto económico polo que un concello se obrigaba a pagar á Facenda pública unha cantidade fixa, que se repartía entre todos os veciños ou cabezas de familia.

94. Ver os documentos, entre outros, correspondentes ás notas 35 e 36, na páxina 15 deste traballo.

95. AMP, Caixa 396, fonte citada. Sesión de 6 de outubro de 1852.

*ble remover obstáculos que opuso el brazo del Omnipotente, para que la falta de puntualidad no se atribuya a morosidad del Ayuntamiento, siempre exacto en el desempeño de su deber, acordó nombrar una Comisión de su seno y para componerla a los Sres. Ruíz, Otero y Portal, para que reuniendo todos los datos estadísticos que sea posible tanto con respecto a la pérdida de cosecha en cuanto a la miseria y escasez general que se experimenta, forme en seguida el oportuno expediente para solicitar al Gobernador no sólo el perdón de la parte de contribuciones que corresponda, sino también más treguas en su apronto a causa de ser absolutamente imposible verificarlo con la puntualidad de otros años”<sup>96</sup>.*

En 1854, a crise persiste, polo que o Concello vese obrigado a seguir pedindo a demora no pagamento das contribucións. O cadro que nos pinta o secretario municipal é estarrecedor:

*“Hallándose como se halla el Distrito sumido en una lamentable miseria y empobrecidos la mayor parte de sus habitantes, efecto de la total pérdida de la cosecha del año pasado de 1852 y la muy escasa del de 1853 y de otras causas que no se ocultan a los menos conocedores del país, como lo demuestra la inmensidad de mendigos que lo infestan, la emigración asombrosa a Ultramar y otros puntos de toda clase de personas y el exorbitante número de presos pobres que en la carcel existen, todos casi por pequeños robos de substancias alimenticias; pagaron hasta aquí las contribuciones ordinarias a duras penas, privándose de lo más preciso para la vida; pero careciendo ya de todo tipo de recurso y escaseando el numerario cada día más y más, (presumimos) no les sea dable ni posible a lo adelante continuar satisfaciéndolas, y por consiguiente mucho menos subscribirse al anticipo de un semestre de inmuebles y subsidio, a que se les insta a pagar según el Real Decreto” (transmitido polo gobernador)<sup>97</sup>.*

(Descoñecemos se se atenderon as peticións municipais, pois non atopamos constancia nun ou outro sentido, aínda que os “consumos” acabaron sendo abolidos no ano 1855 -como veremos máis adiante-, se ben non por moito tempo).

Pero, como vimos, unha desgraza aínda peor agardaba á rexión: ¡o cólera! A comezos de 1854 xa se expande por varias rexións de España e en Pontedeume prepáranse para o peor. Non obstante, a calamitosa situación económica obriga a pedir, unha vez máis, a amnistía fiscal, aínda a risco de non ter medios con que afrontar tan terrible ameaza.

*“Consiguiente a lo acordado en la sesión anterior y convocatorias pasadas a los mayores contribuyentes electos para en unión con el Ayuntamiento votar y consignar en el presupuesto adicional una cantidad suficiente para atender a la beneficencia domiciliaria en el desgraciado caso que la epidemia nos invada con-*

96. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 14 de marzo de 1853.

97. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 30 de maio de 1854.

*forme a la Real Orden de 16 de enero último inserta en el B.O. de 1º del corriente, han concurrido tan solo los Señores D. Joaquín Maldonado, D. Manuel Azpilicueta y D. J. Ramón Piñeiro, quienes después de conferenciar largamente con el Ayuntamiento (...) digeron que, (la cantidad de dinero necesaria) es de muchos miles de reales, imposible de satisfacerse por medio de arbitrios, (...) y que aunque así no fuese no alcanzarían a nada todos los productos dado el caso de la epidemia; considerando que el Distrito se halla exorbitadamente recargado con las contribuciones directas e indirectas que a duras penas se satisfacen, privándose para ello el mayor número de de sus habitantes del necesario alimento; Y considerando por lo mismo que el imponerle ahora una nueva contribución, sin conseguir el objeto a que tiende en esencia justo y piadoso sería digámoslo así crear o adelantar una calamidad precursora de la epidemia, cual es el hambre, resentido aún el el territorio con la sufrida en el año último y la que en el presente se padece por la escasez de su cosecha; puesto que sería preciso arrebatar a sus vecinos lo poco que tienen para cobrar algunas cantidades (el todo sería imposible) causando así un mal cierto para prevenir uno dudoso, acuerdan: consignar no les ser posible votar cantidad alguna al fin propuesto en atención a que no sería dable hacerla efectiva, y suplicar al Sr. Gobernador cuando llegue el caso de trasladarla esta ante él que atendiendo las verdaderas razones emitidas, tenga presente este pueblo para atenderle, caso (lo que Dios no lo quiera) le invada el azote de la epidemia”<sup>98</sup>.*

E a epidemia chegou, en 1854, agravando a situación aínda máis. O Concello suplica pateticamente: *“La Corporación vista la imposibilidad en que se halla este Distrito de continuar en su encabezamiento por los derechos sobre los artículos de consumo a consecuencia de la excesiva cantidad en que hoy lo está, acuerda: que se forme un expediente no solo de la miseria que aflige al país (desde) hace tres años por falta de cosechas, especialmente de la del vino, uno de los artículos juntamente con que contaba la municipalidad para cubrir el cupo de dicho encabezado, sino también de los estragos y ruina originada por la epidemia reinante, y y que se remita a S. M. la Reyna solicitud de su Real munificencia se digne rebajar a la mitad lo menos la cantidad en que hoy consiste dicho encabezado”<sup>99</sup>.*

Nestas circunstancias, o Concello, desesperado, chegará mesmo a rexeitar o pagamento do encabezado, aínda que con iso dimitise de ser a capital do distrito. Non obstante, a “Autoridade” non o aceptou. Polo menos, pedirá a exención do arbitrio sobre o viño por ser, simplemente, inexistente:

*“No hubo licitador que se atreviese a posturar sobre los tipos fijados por Hacienda<sup>100</sup>, máxime al ramo del vino, elevado a la escesiva suma de diez y ocho*

98. AMP, Caixa 397, Libros de actas capitulares ou do pleno (1853-1859), Sesión extraordinaria de 17 de febreiro de 1854.

99. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 9 de novembro de 1854.

100. O Concello pagaba a Facenda unha cantidade determinada de diñeiro en concepto de contribución, o encabezado; pero non se encargaba de recadar ese imposto directamente aos cidadáns, senón que cedía os dereitos a un licitador, o cal se lla proporcionaba a cambio de cobrar uns gravames sobre os produtos (os consumos).

*mil quinientos reales en una época justamente que fue enteramente nula en este país la cosecha de aquel artículo, sobradamente escasa ha tres años continuados la de cereales y raíces alimentarias, especialmente de la patata, principal alimento de estos distrituales y las dolorosas circunstancias porque acabamos de atravesar con la invasión del cólera morbo, y por cuyas razones hizo el Ayuntamiento el desauicio de su encabezado, que reusó admitir la administración de la provincia, sin que por la misma fuesen atendidas las fundadas y sentidas reclamaciones de esta municipalidad. (...)*

*Es de necesidad absoluta que la Excm. Diputación se digne determinar el nuevo remate según se solicita, sin imponer siendo posible ningún arbitrio sobre nuestro vino del país, porque no hay objeto para la imposición, y (...) aumentar el señalado a los aguardientes, como artículo puramente de lujo (...)<sup>101</sup>.*

Continuará a Corporación municipal intentando librarse do pesado encabezado, e unirase á de Ferrol nunha reclamación conxunta a finais de 1855. Di así:

*“Se dio cuenta de un oficio del Ayuntamiento del Ferrol, fecha 17 de este mes, remitiendo un ejemplar de la exposición que eleva a las Cortes suplicándoles se dignen reformar el artículo 8º del proyecto de ley sobre los consumos, fijando una base equitativa para los contratos, o en otro caso, dejar sin efecto su artículo transitorio que obliga a los pueblos a encabezarse, quedando solo al arbitrio y voluntad de los mismos hacerlo por cantidad no fija y si convencional. Y como el Ayuntamiento de Ferrol apoya su exposición, fuera de las circunstancias especiales de aquel pueblo, en la pérdida de las cosechas de los vinos en los tres últimos años y en el actual, el hambre espantosa, la emigración y la cruel epidemia que hace año y medio diezma las poblaciones de esta provincia, este Ayuntamiento considerando que este distrito se halla en igualdad de circunstancias, y aún peores que otros, acuerda elevar también su voz al Congreso y secundar la petición del de Ferrol (...)<sup>102</sup>.*

Os odiosos “consumos” acabaron sendo abolidos, efectivamente, no ano 1855, durante o Bienio Progresista (1854-56), aínda que pouco durará a alegría, pois os moderados os reimplanarán despois, para sufrimento dos contribuíntes.

## 10. CRISE DE 1856-57

Tras a fame de 1853 e a epidemia de cólera dos dous anos posteriores, outra crise sacudía a España neste novo bienio aciago, co que podemos dicir que dende o ano 1852 até 1857, España e, sobre todo, Galicia, non levantou cabeza, como vimos nos primeiros capítulos.

101. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 10-I-1855.

102. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 20-X-1855.

Estudemos agora brevemente os efectos en Pontedeume desta nova penuria.

Outra vez, unha mala colleita volve traer a miseria á rexión. A necesidade é tal que en 1856 podemos ver que continúa a contratación de < Gardas de campo > para “evitar los robos de patatas, hortalizas y otros frutos de la tierra de la presente cosecha, nombrándose en todas las parroquias, hasta su recolección, pasándoles por turno como carga concejil, y pagándoles además en retribución de su trabajo un real por ferrado de tierra que satisfarán los dueños (...) conforme a lo establecido en el año pasado y anteriores”<sup>103</sup>.

A Xunta de Beneficencia municipal segue a traballar a favor dos veciños necesitados, especialmente cos enfermos pobres, subministrando diñeiro, e mesmo “una cama de las que hay en la Casa Consistorial destinada a los presos pobres, con la obligación de devolverla”<sup>104</sup>.

Chama a atención as axudas económicas para ir aos Baños de Carballo e Arteixo a enfermos sen medios para iso, receitados terapeuticamente polos médicos municipais. É unha práctica que vén de anos atrás e realizada de xeito frecuente, como queda constancia repetida nas citadas actas dos plenos municipais.

Como a praga do *oidium* continuaba (e aínda o faría até 1875, como xa vimos) as dificultades para afrontar o *encabezado* seguían sufocando ao Concello. Na páxina 15 comentaremos os problemas que provocaba a redución dos ingresos fiscais da industria vitivinícola.

Máis adiante, atopamos outra referencia similar: “Debido a la no cobranza de los impuestos provinciales y municipales por causa de la pérdida del vino y la miseria general del distrito, hay un déficit de 15.272 rs.”. Tras infrutuosos intentos de evitar o dito pagamento, teñen que buscar cobrar as ditas taxas doutros artigos, repartíndose o déficit da contribución dos “consumos” mediante unha derrama. Así, os novos tributos gravarán: “la venta de paños de las ferias y feirones, ferretería, frutos y hortalizas; puestos de venta de ropa vieja, cal, teja y ladrillos, leña o madera, tojo, carbón, zuecos, cera, ...”<sup>105</sup>. É de destacar a cantidade de produtos que é necesario reunir, para substituír cos seus impostos ao dun só, o viñado, o cal nos volve ilustrar sobre a importancia deste.

O ano seguinte, 1857, a situación aínda se agravou máis. O Concello lanza un órdago á Facenda, ameazando, mesmo, con renunciar ao encabezamento (e polo tanto a ser cabeza de distrito, coa correspondente perda de prestixio) nun intento desesperado de evitar as insufribes cargas fiscais que o lastraban dende había anos. Di así unha acta de Pleno: “Deliberando sobre la continuación o no del Encabezado del Distrito para el año próximo de 1858, y reunidos los mayores contribuyentes para el pago de las consiguientes contribuciones, todos ellos manifestaron que, siendo pública y notoria la pérdida total de la cosecha del vino, artículo esencial y cuyos derechos cubrían en este Distrito una gran parte del Encabezado en años como 1851, 1852 y 1853, e igual-

103. AMP, idem, Sesión de 8 de maio de 1856.

104. AMP, idem, Sesión do 12 de xuño.

105. AMP, idem, Sesión de 26 de outubro.

*mente el excesivo precio que tomaron todos los cereales, lo que ha dado lugar a que los más artículos de consumo sufriesen una grande alza en sus precios, ha sido motivo muy suficiente para que disminuyera considerablemente el consumo, y estas circunstancias son la causa de que este Ayuntamiento tenga en el presente un déficit en su Encabezado de más de 20.000 rs, contribución que en modo alguno hubiera aceptado la Corporación sino le obligase a ello el art. 28 del R.D. (15/12/1856)<sup>106</sup>, y cuyo déficit le será muy difícil el poder sobrellevar, motivado a que pasa de tres años que no hay, como queda dicho, cosecha de vino, que en este país es lo que constituía la pequeña riqueza de sus habitantes y (...) acordaron: que sólo en el caso de que la Hacienda deje reducida la contribución de consumos en este distrito a 16.500 rs, mitad de lo que contribuye en la actualidad, se acepte el Encabezamiento, pues de lo contrario, lo renuncian (...)*<sup>107</sup>.

O ano seguinte, 1858, xa pasada a crise, continúa o déficit, co que se acorda un novo repartimento dos “consumos” entre a poboación para poder pagar os atrasos a Facenda. De todos os xeitos, Pontedeume seguiu sendo cabeza de partido, (salvo unha breve paréntese en 1867, en beneficio de Betanzos), até 1965, en que esta poboación lle arrebate o título de xeito definitivo (ata hoxe).

Por último, unha nota curiosa, aínda que triste, ofrécena a petición dos presos do cárcere (rematada de facer por estes anos) de que “*se les suba su socorro al menos a dos rs. diarios, atendida la carestía de los comestibles, ya que el médico Dr. Portal previno al Alcalde no permitiese que preso alguno comiese sardinas, arenques ni otra clase de pescados*”<sup>108</sup>. A Corporación acordou “*no poder acceder a ello*”.

## 11. CRISE DE 1869

Novamente, unha crise cíclica sacode a toda España, como vimos. Será a última, aínda que precedida dunha epidemia de cólera en 1865 e continuada por outra en 1885 que, por fortuna, non afectaron a Pontedeume.

Na páxina 16, Madoz xa nos informaba das repercusións que a caída de traballo nos Estaleiros de Ferrol tiña para a nosa bisbarra en 1851. Pois ben, a historia repítese uns anos máis tarde, e en sucesivas ocasións (as últimas en datas ben próximas ao presente). Nesta ocasión, atopamos que:

*“La Comisión (Municipal) de presupuesto hizo presente que (...) (los recursos asignados por la Junta Revolucionaria, tras la Revolución de 1868) era imposible que llegaran a cubrir las atenciones municipales, y era una necesidad absoluta aumen-*

106. Data da reimplantación dos “consumos” polos moderados, tras a fin do Bienio Progresista.

107. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 26 de xuño de 1857.

108. Probabelmente, na crenza de ser causantes de enfermidades. Non esquezamos que había dous anos da cólera, da cal por suposto se descoñecía a etioloxía, atribuíndose a todo tipo de razóns, entre elas, a inxesta de determinados alimentos. AMP, idem, Sesión de 30 de xullo.

*tarlos por efecto de haberse gastado cantidades mayores que las señaladas por dicha Junta, por haber atendido el estado de pobreza del momento y era necesario fomentar las obras públicas para dar ocupación a la clase proletaria del distrito, cada vez más necesitada por efecto de la paralización de aquellas y de haberse quedado una buena proporción de personas despedidas últimamente del inmediato Arsenal del Ferrol, del que dependía su subsistencia, (...) se acordó formar un presupuesto adicional(...)"<sup>109</sup>.*

As cargas fiscais que (como vimos, afectaban a todos os galegos) soportaban os campesiños debían ser tan grandes, e a penuria tan extrema, que o Concello decide deixar de cobrar uns impostos que, por outra parte, debía de considerar eran imposibles de obter. É polo que nunha sesión extraordinaria, o Pleno decide que *"no debe continuarse en la cobranza de los arbitrios especiales. Con esta solución se alivia la desdichada suerte de nuestros labradores avocados ya a pagar (...) la contribución territorial del año anterior y del actual. Se evitan los conflictos que la cobranza de los arbitrios podría traer por una resistencia derivada de la falta de recursos de los contribuyentes, y se evita también el que se dé el ridículo de una Autoridad desobedecida"*.

Para compensar, o Concello vai facer economías, prescindindo dunha serie de servizos, dos cales os eumeses van carecer, en prexuízo da educación, especialmente (e de forma significativa).

Os recortes consistirán en suprimir a estación telegráfica municipal, despedir un escribente da Secretaría, a xubilación do mestre e rebaixar os soldos de todos os funcionarios do Concello á cantidade que tiñan antes de 1868.

E se as anteriores medidas non alcanzasen a cubrir o déficit, *"sentiéndolo mucho el regidor"*, anúnciase outra quenda aínda máis drástica: supresión das festas das Virtudes (salvo a función relixiosa), peche dunha escola de nenas e outra de nenos (das catro que hai), e supresión das dúas cátedras de recente creación<sup>110</sup>.

## CONCLUSIÓN

Vimos como Pontedeume no século XIX ten as mesmas características socio-económicas que o resto de Galicia e de España: predominio do sector primario, impostos insoportábeis, monocultivo vitivinícola vulnerable, indefensión ante unha mala colleita, miseria, enfermidade, aumento da mortalidade, deserción dos labradores arruinados do campo en busca do auxilio da cidade, debilidade da estrutura do Estado<sup>111</sup>, manifestada pola inexistencia dunhas institucións

109. AMP, Caixa 8, Libros de actas capitulares ou de plenos (1868-1887), Sesión de 1 de marzo de 1869.

110. 110 AMP, fonte citada, Sesión do 16 de xullo.

111. A ausencia de recursos estatais faise palmaria cada vez que algún feito extraordinario esixe diñeiro para a súa solución. Era frecuente, polo tanto, apelar ás colectas dos pobos, como nos tres casos seguintes, en que o distrito de Pontedeume, malia o seu estado de pobreza, foi chamado ao apoio económico; O primeiro, en 1810, durante a Guerra da Independencia, en que se recolectaba un "Donativo voluntario de 56 capotes para el ejército español", contra os franceses, organizado pola Xunta provincial de Betanzos. AMP, Caixa 283, fonte citada. O segundo, en febreiro de 1836, en que a Xunta Superior de



públicas asistenciais, o concello como organización solidaria próxima e única, caridade en mans duns grandes propietarios absentistas, recuperación, inmobilismo económico-social, outra crise cíclica e volta a comezar.

A fame de 1853, pois, podería ser un exemplo das moitas crises que se deron en Galicia e España durante séculos, e o relato completo abrangería, como xa queda dito, a epidemia de cólera que asolará España nos dous anos seguintes, 1854-55, afectando á nosa vila gravemente, e que esperamos poder contar proximamente.

En calquera caso, hoxe chama a atención a ausencia de testemuños críticos, por parte da poboación afectada, ao sistema socio-económico imperante que, como vimos, era o caldo de cultivo destas dramáticas crises. A Igrexa e o poder temporal anestesiaban a unha poboación que, polo seu propio atraso e ignorancia, carecía dos medios intelectuais e materiais como para poder deixar constancia por escrito do descontento. Non obstante, houbo protestas (en certos lugares), o cal podería ser ampliado tamén a Pontedeume, aínda que non teñamos apoio documental diso. Verdadeiramente, eran todos os humildes campesiños tan submisos como parecen?

## FONTES

### Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS):

- Sig. 4 (485), ano 1853. Fame en Galicia. Donativos do Estranxeiro e de varios puntos de España. Xuntas de caridade. Resolucións varias. Rifas, rogativas, etc.
- Sig. 5 (486), anos 1769-1898. Donativos, socorros. Rogativas, etc., con motivo de escaseza de grans, inundacións, naufraxios, epidemias, guerras e terremotos. (...)

### Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP):

- Caixa 8, Libros de actas capitulares ou de pleno (1868-1887)
- Caixa 83, Padrón de censos de habitantes (1712-1844)
- Caixa 102, Expedientes relativos ó viño (1552.1875)
- Caixa 214, Expedientes de persoal médico-farmacéutico (1695-1941)
- Caixa 283, Oficios diversos de sanidade, beneficencia e asistencia social, (1713-1926)
- Caixa 285, Expedientes diversos da Xunta de Beneficencia e Sanidade
- Caixa 396, Libros de actas capitulares ou de plenos (1840-1852)
- Caixa 397, Libros de actas capitulares ou de plenos (1853-1859)

Armamento e Defensa da provincia fai unha "Petición de Donativos voluntarios" para gastos da Guerra de 1836" (a Primeira Guerra Carlista), encargándose os párrocos de recoller o diñeiro (1.040 rs). O terceiro será unha colecta dos veciños de Pontedeume para axudar a un pobo de Ávila por causa dun incendio "que lo redujo a cenizas" en xullo de 1847 (235 rs.). AMP, Caixa 283, f. c.

Polo tanto, non sempre foi Pontedeume beneficiario da caridade allea, senón ao contrario, tamén axudou a outros en ocasións.

## BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: *Galicia*, Ediciones Hércules, S.A., A Coruña, 1991.
- BARREIRO MALLÓN, B.: *Demografía y crisis agrarias en Galicia en el siglo XIX*, en: EIRAS ROEL, A. (coord.), *Las fuentes y los métodos de Hª cuantitativa serial de Galicia*, Dpto. de Historia Moderna de la Universidade de Santiago, 1977.
- CARDENAL JERÓNIMO DEL HOYO: *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Porto y Cia. editores, Santiago de Compostela.
- CARRO OTERO, J. y FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.: “La epidemia de” tifus” de 1853, en Betanzos”, en: *Anuario Brigantino*, nº 12, 1989.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, 4ª edición, 1995.
- DAVIÑA SÁINZ, S.: -“Pontedeume a través del Catastro de Ensenada”, en: revista *Cátedra*, nº 8, 2001.
- “Las parroquias de la jurisdicción de la villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada”, en: revista *Cátedra*, nº 9, 2002.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, C.: -“Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de su historia”, en: revista *Cátedra*, nº 8, 2001.
- Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume: denominación, actividad y morfología del espacio público (1270-1970)*, 2007.
- LÓPEZ CALVO, A.: “O libro rexistrador de propiedades do Concello no Fondo de Patrimonio do AMP. Uns apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no s. XVIII”, en: revista *Cátedra*, nº 4, 1997.
- MADOZ, P., *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, 1845.
- MEIJIDE PARDO, A.: “Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVII”, en *Anuario Brigantino*, nº 16, 1993.
- MONTERO ARÓSTEGUI, J., *Historia y descripción de la Ciudad y Departamento Naval del Ferrol*, 1858.
- PÉREZ CONSTANTÍ, P.: “Carestía de granos en 1855 en Santiago”, en: *Notas viejas galicianas*, 1926.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.: -“A crise agraria de 1853 e a emigración galega a Cuba”, en: *Revista Grial*, nº 57, 1977.
- “Hambre, epidemia y crisis demográfica en la Galicia litoral a mediados del siglo XIX”, en: *Revista Asclepio*, nº 35, 1983.
- “Hambre y enfermedad en Galicia a mediados del siglo XIX”, en: *Revista Asclepio*, nº 29, 1981.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. y DOPICO, F.: -“La crisis agraria de 1852-55 y la persistencia del sistema productivo tradicional”
- “Comportamiento demográfico y enfermedad. Contribución a un modelo gallego para mediados del siglo XIX”
- Ambas en: *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Ediciós do Castro, Sada, 1981.

- “A crise do viñado a mediados do s. XIX e os problemas de monetización da economía galega”, en: Revista *Grial*, t. 16, nº 62, 1978.
- SAAVEDRA, P.: “Os cambios agrarios na comarca eumesa no decorrer do Antigo Réxime”, en: *Revista Cátedra*, nº 2, 1995.
- SÁNCHEZ ALBORNOZ, N.: *-Las crisis de subsistencias en España en el siglo XIX*, Instituto de Estudios históricos, Rosario, Argentina, 1963.
- La crisis de subsistencias de 1857 y Crisis alimenticia y recesión demográfica*, en: *España hace un siglo: Una economía dual*, Ariel, Barcelona, 1977.
- VÁZQUEZ ARIAS, J.C.: -“Análise demográfica de Pontedeume a través do seu arquivo municipal –AMP- (1835-1870)”, en: *Revista Cátedra*, nº 13, 2006.
- “Epidemioloxía histórica de Pontedeume (1837-1870)”, en *Revista Cátedra*, nº 14, 2007.
- VEIGA FERREIRA, X. M.: “O cólera en Betanzos (1854-55)”, en: *Anuario Brigantino*, nº 11, 1988.

*Revista de Fiestas de las Peras, 1945.*

## ÍNDICE

### Introdución

1. As crises de subsistencias en España
  - 1.1. A depresión económica de 1820 a 1856
  - 1.2. As crises económicas de mediados de século
  - 1.3. Crise agraria de 1868-70
2. As crises de subsistencias en Galicia no século XIX
  - 2.1. Efectos demográficos
  - 2.2. Fame e cólera
3. A crise agraria de 1852-53 e a situación socioeconómica de Galicia
4. Axuda a Galicia
  - 4.1. Resposta do Estado
  - 4.2. A Igrexa como benfeitora. O Arcebispado de Santiago
5. Ruína do viñado de Galicia e a súa relación coa crise de 1853
6. Importancia do viñado en Pontedeume
7. Crise dos anos corenta en Pontedeume
8. Crise de 1853 en Pontedeume
  - 8.1. Ruína das colleitas de 1852
  - 8.2. Consecuencias da crise de 1853
    - 8.2.1. Efectos económicos
    - 8.2.2. Efectos demográficos
    - 8.2.3. Fame e enfermidade
9. Organización Sanitaria e de Beneficencia
  - 9.1. Asistencia médica
  - 9.2. Persoal médico e farmacéutico

- 9.3. Axuda económica aos necesitados
- 9.4. Axuda (?) do Estado
  - 9.4.1. Achegas gubernativas
  - 9.4.2. Peticións de demora no pagamento das contribucións
- 10. Crise de 1856-57
- 11. Crise de 1869
- Conclusión
- Fontes
- Bibliografía